

ESTADO DE INFORMACIÓN NON FINANCEIRA 2025

AIRA S. COOP. GALEGA E SOCIEDADES DEPENDENTES

CONTIDOS

1.	ACERCA DESTE INFORME	5
2.	GRUPO AIRA	6
2.1.	Información xeral	6
2.2.	Fitos de 2025.....	14
2.3.	Contexto actual e principais tendencias	15
2.4.	Obxectivos e estratexia	16
2.5.	Grupos de interese	18
2.6.	Asuntos materiais	21
3.	PERSOAS.....	23
3.1.	O equipo	24
3.2.	A comunidade	36
3.3.	Os provedores.....	37
3.4.	Os clientes e as persoas consumidoras	38
4.	PLANETA	41
4.1.	Economía circular: materiais e residuos.....	42
4.2.	Auga	45
4.3.	Contaminación e cambio climático.....	45
4.4.	Protección da biodiversidade.....	50
5.	BO GOBERNO	53
5.1.	Órganos de goberno	54
5.2.	Cumprimento normativo. Conflitos de interese e loita contra a corrupción	57
6.	ANEXOS.....	60
6.1.	Índice de contidos requiridos pola Lei 11/2018.....	60
6.2.	Índice de contidos GRI.....	66

CARTA DO DIRECTOR

O exercicio 2025 foi un ano de consolidación, avance e reforzo do proxecto común que representa o Grupo Aira. Nun contexto sectorial marcado pola transformación do sistema agroalimentario, pola evolución das esixencias dos mercados e por unha presión regulatoria crecente en materia de sostibilidade, a organización mantivo a súa capacidade de adaptación sen perder de vista os fundamentos cooperativos que lle dan sentido.

Ao longo do ano, o Grupo continuou desenvolvendo a súa actividade cun obxectivo claro: contribuír á valorización do campo galego, acompañar ás ganderías socias na mellora da súa competitividade e xerar valor compartido no territorio. Esta vocación reflíctese nun modelo que combina proximidade, coñecemento técnico, investimento, innovación e compromiso coas persoas que forman parte da cadea de valor.

O exercicio 2025 deixou fitos relevantes para a evolución da cooperativa. Entre eles, destaca a renovación integral do Consello Reitor, un paso significativo para reforzar a representatividade, a continuidade e a capacidade de goberno da organización. Tamén se avanzou na preparación do proceso de transición na dirección do Grupo, abordado desde a responsabilidade, a planificación e a vontade de garantir a estabilidade dun proxecto colectivo que pertence ás súas persoas socias.

A sostibilidade segue a ser un eixo central da nosa maneira de entender a actividade empresarial. Durante 2025 continuouse avanzando na estruturación do sistema de cumprimento normativo e bo goberno, coa formalización de novas políticas internas e a consolidación de ferramentas orientadas á prevención, á transparencia e á mellora continua. Estes avances permiten fortalecer unha cultura organizativa baseada na integridade, na responsabilidade e na confianza.

No ámbito ambiental, o Grupo mantivo o seu compromiso coa redución progresiva dos impactos asociados á súa actividade. O Plan de redución de emisións con horizonte 2030, as actuacións de eficiencia enerxética, a xestión responsable dos residuos e a participación en iniciativas sectoriais para a medición e redución da pegada de carbono son mostra dunha vontade clara de contribuír á transición cara a un modelo máis sostible. Do mesmo xeito, o benestar animal, con 153 ganderías certificadas, continúa a ser un indicador concreto da aposta pola calidade, pola responsabilidade produtiva e polo acompañamento ás explotacións socias.

As persoas seguen ocupando un lugar central na actividade do Grupo. Aira é, ante todo, unha cooperativa formada por persoas socias, traballadoras, provedoras, clientes e comunidades coas que mantén unha relación estreita e de longo prazo. O reforzo das áreas de persoal, a formación, a igualdade, a seguridade laboral e o diálogo cos grupos de interese son elementos fundamentais para consolidar unha organización máis preparada, cohesiónada e resiliente.

Mirando ao futuro, o Grupo afronta os próximos anos cunha estratexia baseada na diversificación, na innovación e na sostibilidade como motores dun modelo cooperativo comprometido co desenvolvemento do rural galego. A capacidade de adaptación, a

profesionalización, a colaboración e a confianza seguirán sendo claves para responder aos retos do sector e para continuar xerando valor económico, social e ambiental.

Desde a Dirección queremos agradecer o esforzo, a implicación e a confianza de todas as persoas que fan posible este proxecto: ás ganderías socias, ao equipo profesional, ao Consello Reitor, aos provedores, clientes e entidades colaboradoras. O avance de Aira é o resultado dun traballo compartido e dunha visión común: construír un futuro sólido para o campo galego e para as persoas que o sosteñen.

Dirección Xeral de Aira, S.Coop.Galega

1. ACERCA DESTE INFORME

O presente Estado de Información Non Financeira (EINF) ten como obxectivo informar sobre os impactos positivos e negativos sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluíndo o respecto aos dereitos humanos e a loita contra a corrupción e o suborno, como resultado das actividades de Aira S. Coop. Galega e as súas sociedades dependentes (en adiante, Aira ou o Grupo). Este documento busca ofrecer información suficiente para proporcionar ás partes interesadas unha imaxe fiel do nivel de desempeño en sostibilidade do Grupo.

O contido deste EINF da cumprimento as esixencias da Lei 11/2018 do 28 de decembro de 2018 de Información non Financeira e Diversidade, que traspuxo ao ordenamento xurídico español a Directiva 2014/95/EU do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de outubro de 2014.

Na preparación deste EINF empregáronse como referencia os Estándares GRI (Global Reporting Initiative), como se recolle no Anexo II Índice de contidos GRI, e as Directrices non vinculantes sobre a presentación de informes non financeiros EU 2017/C 215/01 da Unión Europea.

A información recollida no presente EINF foi verificada por Apumar Auditores, S.L.P., entidade externa independente e auditora das contas anuais do grupo, como se detalla no Informe de verificación independente.

O EINF 2025 inclúese como Anexo do Informe de Xestión do Exercicio 2025 de Aira S. Coop. Galega e entidades dependentes: Dairylac S.L., Aleitar S.L. e Daira Food S.L. O alcance do perímetro do EINF coincide coas sociedades incluídas nos Estados Financeiros e no Informe de Xestión correspondentes ao exercicio de 2025.

O presente EINF refírese ao exercicio 2025, cubrindo o período do 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025, presentando datos financeiros e non financeiros consolidados a nivel do Grupo cunha frecuencia anual. En caso de que algún dos datos recollidos no presente EINF non representen a totalidade do perímetro indicado, especificarase no texto redactado ou como unha nota ao pé, no caso de indicadores recollidos en táboas.

2. GRUPO AIRA

2.1. Información xeral

O Grupo Aira é unha entidade agrogandeira de base cooperativa que presta servizos e achega produtos especializados a 2.897 ganderías socias distribuídas por toda Galicia, con presenza nas provincias de Lugo, A Coruña, Pontevedra e Ourense.

A razón de ser de Aira é dar resposta integral ás necesidades do agro galego, xerando valor a través dos froitos do traballo das explotacións socias e acompañándoas con solucións técnicas de calidade que faciliten e melloren a súa xestión diaria. O Grupo aposta por afrontar de maneira conxunta os desafíos propios do sector, cunha perspectiva innovadora e colaborativa.

No plano estratéxico, Aira orienta a súa actuación cara á valorización e ao fortalecemento do campo galego como activo diferencial do territorio, cun claro potencial para xerar impactos positivos na economía local, no tecido social e no contorno ambiental.

Como cooperativa, Aira asume como propios os principios que definen o modelo cooperativo: a responsabilidade, a igualdade entre as persoas socias, a solidariedade e a transparencia en todas as súas actuacións. Ao redor destes principios artéllanse os valores que guían a cultura e o xeito de traballar do Grupo:

- A cooperación, pilar básico que motivou o nacemento do modelo cooperativo. Resúmese na posta en común de recursos, esforzos e vontades.
- A responsabilidade, en termos do impacto social e ambiental, con integridade e xerando confianza.
- O rigor e a especialización, a través da experiencia e dun equipo altamente especializado.
- A resiliencia, a través da adaptación baseada na escoita e nas tendencias emerxentes.
- A colaboración, a través de solucións compartidas aos retos e necesidades comúns.
- A solidariedade, comprometidos coa axuda e o apoio mutuo.
- A innovación, apostando polas novas tecnoloxías, procesos e solucións.
- A transparencia, como base da confianza e da colaboración.

O Grupo Aira está composto pola sociedade cooperativa agraria dominante, Aira S. Coop. Galega e as sociedades dependentes Dairylac S.L. (actualmente baixo a marca comercial Galacteam), Aleitar S.L e Daira Food S.L. Aira S. Coop. Galega e Dairylac S.L. concentran as principais actividades do Grupo. Ao peche do ano 2025, Aleitar S.L. e Daira Food S.L. non contaban con persoas empregadas nin instalacións.




Figura 1.- Organigrama das sociedades do Grupo Aira.

Ademais Aira participa activamente en asociacións sectoriais de referencia: Agaca (Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias), Clusaga (Clúster Alimentario de Galicia), Agafac (Asociación Galega de Fabricantes de Alimentos Compostos), Empresas por el clima, Ternera Gallega e InLac (Organización Interprofesional Láctea).

A presenza de Aira esténdese ao longo de toda a cadea de valor do sector lácteo: dende a provisión de insumos, canalizada a través da empresa participada Delagro S. Coop. Galega, ata a elaboración e distribución de produtos lácteos de calidade. Deste xeito, o Grupo non só contribúe á oferta de alimentos saudables e seguros para a sociedade, senón que actúa tamén como motor de xeración de riqueza no contorno rural galego.

As actividades do Grupo inclúen as seguintes liñas de negocio:

- **Comercialización e transformación** de produtos procedentes das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais das persoas socias.
- **Adquisición, xestión ou intermediación** de animais, materias primas, instrumentos, maquinaria, abonos, plantas, sementes, pesticidas, praguicidas, pensos compostos, forraxes e outros alimentos necesarios para as explotacións das persoas socias. Inclúe tamén a súa elaboración e outros elementos necesarios para o fomento agrario, así como instalacións relacionadas coa agricultura, a gandería e os bosques.
- **Conservación, tipificación, manipulación, produción, transformación, distribución, transporte e venda** en mercados interiores e exteriores dos produtos procedentes das explotacións agrícolas, gandeiras, forestais ou pecuarias da Cooperativa ou dos seus socios, tanto en estado natural como transformado, utilizando as instalacións necesarias.
- **Prestación de servizos** relacionados coa actividade económica para os socios da Cooperativa.
- **Realización de calquera outra actividade** necesaria, conveniente ou que facilite a mellora económica, técnica, laboral ou ambiental da Cooperativa ou das explotacións dos socios.
- **Prestación de servizos de xestión e mediación de seguros** para os seus socios, con sometemento expreso á lexislación específica de mediación de seguros privados.
- **Distribución ao por menor de produtos petrolíferos** dirixida aos socios ou a terceiros, dentro das limitacións establecidas estatutariamente.

- Desenvolvemento e promoción da actividade dunha **Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (A.D.S.G.)**, para mellorar o nivel sanitario-zootécnico das explotacións gandeiras mediante a implementación de programas de profilaxes, loita contra as enfermidades animais e mellora das condicións hixiénicas, co fin de optimizar o nivel produtivo e sanitario dos produtos. Isto tamén promove a implicación dos gandeiros galegos na mellora do status sanitario das súas explotacións.
- **Prestación de servizos de asesoramento ás explotacións agrarias**, que inclúe accións nos ámbitos descritos no artigo 3º do Decreto 235/2007, de 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de asesoramento e xestión das explotacións agrarias.
- **Fabricación de pensos e mesturas húmidas.**
- **Puntos de venda** de produtos agrogandeiros, gran consumo e combustibles, así como almacéns (delegacións).
- **Servizos de asesoría fiscal, laboral e contable.**
- **Nutrición animal e servizos veterinarios.**
- **Transformación do leite e comercialización de produtos e compoñentes lácteos** (Dairylac):
 - Ingredientes e produtos orientados á industria alimentaria, incluíndo aplicacións de alta gama, destacando soro en po desmineralizado, leite en po e lactosoro en po doce, así como solucións a medida.
 - Produto líquido e graxas para gran consumo, canle HORECA e industria, principalmente leite, leite concentrado, nata pasteurizada, manteiga clarificada e queixos.

As marcas comerciais do Grupo no exercicio son Aira, AiRobot, Galacteum e Tres Viajeros.

No modelo cooperativo de Aira, as ganderías socias ocupan un lugar central xa que son ao mesmo tempo as propietarias da organización, as principais destinatarias dos seus produtos e servizos, e as provedoras do leite que se comercializa e transforma. Esta tripla condición define e reforza a cohesión e o compromiso mutuo dentro do Grupo.

Máis alá das explotacións socias, o Grupo mantén vínculos comerciais cunha clientela diversa, cuxas necesidades e perfís varían en función do tipo de actividade e do mercado ao que se dirixen. En todos os casos, a relación baséase en principios de proximidade, confianza e compromiso coa calidade. Os principais segmentos de clientes son:

- **Ganderías socias e locais non socias**, que son explotacións que se benefician dos servizos de asesoramento, subministración de insumos e comercialización de produtos agrogandeiros.
- **Industrias ás que se vende o leite non transformado polas empresas participadas**: empresas do sector lácteo que adquiren leite da cooperativa para a súa transformación e comercialización.
- **Industria agroalimentaria e de nutrición**: empresas transformadoras de leite e derivados que buscan materias primas de alta calidade.
- **Distribución e gran consumo**: supermercados e cadeas de distribución.
- **Canle HORECA e outros profesionais**: sector hostaleiro e restauración, que require produtos lácteos adaptados ás súas necesidades.

- **Mercado internacional:** exportacións dirixidas a mercados especializados que buscan ingredientes lácteos de alto valor.

En 2023, a marca AIRA consolidouse no mercado de gran consumo, integrando produtos cun enfoque centrado na sustentabilidade, calidade e trazabilidade. Ao longo de 2024 e 2025, o Grupo continúa apostando pola promoción e fortalecemento da marca AIRA, coa finalidade de construír unha identidade corporativa sólida e recoñecida a nivel de todo o conxunto empresarial.

Os principais provedores cunha vinculación a longo prazo e na súa maioría de proximidade, inclúen:

- **Provedores corporativos:** empresas de bens e servizos profesionais, certificacións, auditorías e tecnoloxía.
- **Insumos agrogandeiros:** materias primas como cereais, fertilizantes e produtos fitosanitarios. Delagro, na súa función de central de compras, xoga un papel clave na optimización de custos e garantía de calidade.
- **Provedores de maquinaria e loxística:** empresas especializadas en transporte, almacenamento e mantemento de equipos.
- **Ganderías socias:** subministran a materia prima principal para a produción de leite e os seus derivados.
- **Provedores de leite:** a propia cooperativa Aira S. Coop. Galega, que centraliza a recollida e subministración de leite para a súa transformación e comercialización.
- **Provedores doutros insumos:** empresas que subministran ingredientes e aditivos necesarios para a elaboración de produtos lácteos.
- **Provedores de envases e embalaxes:** empresas responsables de subministrar materiais sostibles para a conservación dos produtos.
- **Provedores de certificacións e control de calidade:** empresas encargadas de auditar e certificar os procesos de produción e seguridade alimentaria.

Durante o exercicio 2025, Aira avanzou de forma significativa na formalización e mellora da xestión responsable da súa cadea de subministración. A selección de provedores integra criterios de sostibilidade, calidade e comportamento ético, materializados na incorporación de cláusulas específicas de cumprimento penal e anticorrupción nos contratos con socios de negocio. O incumprimento destes requisitos faculta a Aira para suspender ou resolver a relación contractual.

Este marco de relación con terceiros forma parte dun sistema de compliance máis amplo, aprobado polo Consello Reitor en 2025, que establece unha política de tolerancia cero fronte a calquera infracción normativa e que esixe aos provedores e subcontratistas adherirse expresamente aos principios e valores da organización.

No plano estratéxico, a reflexión sobre as principais actividades do Grupo, a evolución tecnolóxica do sector lácteo e a dinámica competitiva dos mercados permiten identificar tres riscos estruturais de especial relevancia:

- Cambios nas políticas de compras da clientela, que poden alterar os volumes e as condicións de comercialización.

- Competencia global, que exerce presión continua sobre as marxes e require un posicionamento diferencial baseado na calidade, a trazabilidade e a orixe dos produtos.
- Cambios tecnolóxicos, que demandan investimento e adaptación continua dos procesos produtivos para manter a competitividade.

A partir da análise destes riscos, o equipo de goberno orienta a estratexia do Grupo cara á consecución dos seguintes retos:

- Rendibilidade sostida en todas as unidades de negocio, optimizando a eficiencia operativa e o control dos custos sen comprometer a calidade nin os estándares éticos.
- Innovación e modernización dos procesos produtivos, para reforzar o posicionamento competitivo e dar resposta ás demandas dun mercado en constante transformación.
- Crecemento na captación de clientes e diversificación das vendas, tanto en mercados consolidados como en novos destinos, especialmente no ámbito internacional.
- Reforzo do patrimonio empresarial, priorizando a solidez financeira e a capacidade de investimento a longo prazo fronte ao reparto inmediato de resultados.
- Escoita activa e mellora continua na atención ás persoas socias e clientes, como eixo central do modelo cooperativo e fonte de fidelización e confianza.
- Adaptación e resiliencia ante un marco regulatorio en evolución, respondendo con axilidade ás esixencias emerxentes en materia ambiental, de sostibilidade, de seguridade alimentaria e de reporte non financeiro.

Neste contexto, as empresas proveedoras constitúen aliadas estratéxicas fundamentais para a execución deste plan. A relación con elas baséase na confianza mutua, na transparencia e nun enfoque de colaboración continua que garante a coherencia dos estándares de calidade, ética e sostibilidade ao longo de toda a cadea de valor.

As instalacións do Grupo distribúense estratexicamente polo territorio galego, reflectindo a vocación de proximidade co sector agrogandeiro ao que serve. O sede de Aira S. Coop. Galega sitúase en Taboada (Lugo), onde se concentran tanto as oficinas centrais como a planta de fabricación de pensos. A esta localización súmase un centro de recría situado en O Incio, tamén na provincia de Lugo.

Pola súa banda, Dairy lac ten a súa base en Melide (A Coruña), onde opera un complexo industrial especializado na transformación láctea que integra unha planta de tratamento de leite e soro, unha torre de secado e unha liña de envasado, dotada de tecnoloxía avanzada para garantir a máxima calidade e trazabilidade dos produtos.

A actividade comercial do Grupo oriéntase fundamentalmente ao mercado nacional, con presenza estendida a través dunha rede de 15 delegacións que aseguran a cobertura territorial e a atención directa ás ganderías socias e clientes en toda a área de influencia do Grupo:

- A Barrela (Carballedo, Lugo)
- Becerreá (Becerreá, Lugo)
- Chantada (Chantada, Lugo)
- Friol (Friol, Lugo)
- Mesía (Mesía, A Coruña)
- Monterroso (Monterroso, Lugo)
- Lugo (Lugo)
- Palas de Rei (Palas de Rei, Lugo)
- Pol (Mosteiro, Lugo)
- Taboada (Taboada, Lugo)
- Paradela (Paradela, Lugo)
- Páramo (O Páramo, Lugo)
- San Xulián (Sarria, Lugo)
- Sarria (Sarria, Lugo)
- Silleda (Silleda, Pontevedra)

A innovación constitúe un dos eixes estratéxicos do Grupo e apoia a súa capacidade para anticiparse aos cambios do sector lácteo, mellorar a eficiencia e xerar solucións de maior valor engadido. Esta liña de traballo susténtase na experiencia acumulada en proxectos de I+D+i centrados na sustentabilidade agroalimentaria, a valorización de subprodutos, a dixitalización e trazabilidade da cadea de valor, a transición circular do sector primario e o desenvolvemento de novos ingredientes e aplicacións vinculadas ao leite e aos seus derivados.

A innovación constitúe unha liña estratéxica para o Grupo, apoiada na experiencia acumulada en proxectos de I+D+i orientados á sustentabilidade do sector agrogandeiro, á dixitalización dos procesos, á trazabilidade, á valorización de subprodutos e ao desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para reforzar a competitividade da cadea agroalimentaria. O compromiso coa innovación no sector lácteo mantense a través da colaboración continuada co programa Business Factory Food, mediante o acompañamento baseado no coñecemento do Grupo, a dedicación de recursos á dinamización da iniciativa e a mentorización de distintos proxectos. Os recursos destinados á innovación concéntranse no departamento específico de I+D+i de Dairylac, con ampla traxectoria innovadora e pioneiro na produción de leite en po para o sector industrial e na incorporación de solucións tecnolóxicas avanzadas nas súas instalacións. No exercicio 2025, os proxectos máis relevantes no eido da innovación son os seguintes:

- Proyecto **LÁCTEUS**: proxecto de investigación en biotecnoloxía láctea orientado ao desenvolvemento de ingredientes e produtos funcionais, seguros e sostibles, mediante a colaboración con distintas entidades do sector e a combinación de coñecemento científico, innovación tecnolóxica e valorización de materias primas lácteas.
- Proyecto **AURORA**: iniciativa centrada no biocontrol e na detección temperá de patóxenos, a través do desenvolvemento de solucións baseadas en biopesticidas e tecnoloxías dixitais para favorecer unha agricultura máis sostible e con menor dependencia de insumos de síntese.
- Proyecto **GREENLOW PECUARIA / SECUESVAC**: proxectos enfocados á redución do impacto climático e á mellora da sustentabilidade do sector gandeiro,

promovendo a transferencia de coñecemento, a avaliación de solucións innovadoras e a redución das emisións asociadas á actividade produtiva.

O marco de goberno de Aira asenta sobre os seus Estatutos Sociais, actualizados en 2024, e nun conxunto de instrumentos normativos internos aprobados polo Consello Reitor ao longo de 2025, entre os que destacan o Código Ético e a Política de Compliance. Os órganos de goberno e xestión son os responsables de velar polo cumprimento das obrigas legais e polo respecto ás expectativas vinculadas a unha conduta empresarial íntegra e responsable, que abrangue ámbitos como os dereitos humanos e laborais, os impactos ambientais, a saúde e seguridade das persoas, e a prevención do fraude e a corrupción, entre outros.

O Código Ético, aprobado en maio de 2025, establece os principios e valores que guían o comportamento de todos os membros da organización, incluíndo persoas traballadoras, directivos, socias e terceiros vinculados á actividade do Grupo. Entre os seus eixos fundamentais recóllense o cumprimento da legalidade, a integridade nas relacións comerciais, a prohibición expresa de suborno e condutas corruptas, o respecto á privacidade e á protección de datos, e o compromiso coa igualdade de oportunidades e a non discriminación. Este Código é de coñecemento obrigatorio para todas as persoas vinculadas á cooperativa e forma parte do Sistema de Xestión de Compliance de Aira.

A Política de Compliance, aprobada en setembro de 2025, completa este marco ao definir os principios básicos para previr, detectar e xestionar riscos de incumprimento normativo en todas as actividades do Grupo, establecendo unha posición de tolerancia cero ante calquera infracción, real ou potencial. Esta política é de aplicación ao órgano de goberno, á dirección, ao persoal e ás terceiras partes vinculadas, e incorpora ademais a obriga de integrar os provedores e subcontratistas no sistema de compliance da organización.

O Grupo dispón dunha serie de documentos e ferramentas que articulan este compromiso e que están accesibles para todo o equipo a través da Área Privada corporativa, o correo electrónico, boletíns informativos ou os taboleiros de anuncios.

O principal mecanismo público de comunicación e denuncia é a [canle de denuncias](#), accesible de forma continua desde a páxina web corporativa e dispoñible para calquera persoa, con especial orientación cara ás persoas traballadoras e terceiros vinculados á organización. A canle garante a confidencialidade das comunicacións e a posibilidade de presentar denuncias de forma anónima, ofrecendo protección fronte a calquera forma de represalia para quen informe de boa fe. Permite trasladar dúbidas, inquiredanzas ou posibles incumprimentos da normativa vixente, das políticas internas ou de calquera conduta que poida representar un impacto negativo para a organización ou os seus grupos de interese. Durante o exercicio 2025 recibíuse unha denuncia interna por conduta irregular e activouse o proceso interno anónimo de avaliación e adoptáronse as medidas oportunas de acordo con o protocolo de prevención do acoso e o marco normativo vixente.

No plano da dilixencia debida, Aira continúa avanzando na formalización do seu sistema de xestión responsable, aliñado con marcos internacionais de referencia como a [Guía da OCDE de Devida Dilixencia para unha Conduta Empresarial Responsable](#) e os [Principios Reitores sobre as Empresas e os Dereitos Humanos das Nacións Unidas](#). Este proceso abrangue a definición de compromisos e obxectivos, o establecemento de sistemas de seguimento e mellora continua, e a rendición de contas sobre os principais impactos, riscos e oportunidades nas dimensións social, ambiental e de gobernanza.

A participación dos grupos de interese, canalizada a través dos procesos de escoita recollidos na Análise de Materialidade, constitúe un elemento central neste enfoque: as súas contribucións orientan as medidas adoptadas, informan os procesos de mellora e retroalimentan o sistema de xestión. A supervisión e aprobación destas actuacións corresponde ao equipo de dirección, ao Consello Reitor ou á Asemblea Xeral, en función do seu grao de relevancia e natureza, tal como se detalla no *Apartado 5 Bo Goberno* deste informe.

O compromiso do Grupo coa calidade, a seguridade alimentaria e a responsabilidade produtiva queda avalado por un conxunto de certificacións e acreditacións outorgadas por organismos independentes de recoñecido prestixio. Estes selos non só acreditan o cumprimento dos estándares esixidos polos mercados e a normativa vixente, senón que expresan tamén a aposta de Aira pola mellora continua:

- Certificación Benestar Animal Welfair baseada nos referentes europeos Welfare Quality e AWIN®, obtida por Aira S. Coop. Galega e 153 das súas ganderías socias, que cumpren con estándares esixentes relativos ás condicións e ao manexo dos animais.
- Certificación GLOBALG.A.P. na planta de fabricación de pensos, que verifica o cumprimento de requisitos de calidade e seguridade.
- Certificacións ISO 22000 e IQNET do sistema de recollida de leite asegurando que se conta cun sistema de xestión robusto para asegurar a inocuidade dos alimentos dende o tanque da gandería ata a recepción polo cliente da industria láctea.
- Certificacións ISO 9001, 14001 e 45001 relativas a xestión de calidade, a xestión ambiental e a saúde e seguridade no traballo respectivamente.
- Certificado de Sistema de Gestión de Compliance Penal
- Certificado de Buen Gobierno y Gobernanza
- Certificación IFS coa máxima cualificación (Higher level) obtida por Dairy-lac, unha acreditación que avalía a capacidade de producir leite e derivados lácteos "seguros, auténticos e de calidade" de acordo cos requisitos dos clientes.
- Certificación de conformidade con HACCP/APPCC da planta de Melide, que asegura que se xestionan os riscos de seguridade alimentaria e se cumpre coa normativa.
- Certificación GMP da planta de Melide, relativa a requisitos que garanten a hixiene en toda a cadea alimentaria.
- Acreditacións SAE, Halal e Kosher de produtos de Dairy-lac, o que permite comercializar en mercados internacionais.
- Marca de Garantía Galega 100% do leite pasteurizado.
- Denominacións de Orixe Protexida dos queixos de Arzúa-Ulloa e de tetilla.



Figura 2.- Principais certificacións de instalacións e produtos do Grupo.

2.2. Fitos de 2025

Durante o exercicio 2025, o importe neto da cifra de negocios acadou os 219.305 miles de euros, o que supón un incremento superior ao 7% respecto ao ano anterior. Pola súa banda, o resultado de explotación experimentou unha lixeira diminución en comparación co ano 2024, situándose en 4.247 miles de euros. O resultado consolidado diminuíu lixeiramente ata situarse nos 3.447 miles de euros fronte aos 3.991 miles de euros do exercicio anterior

En 2025, AIRA cerrou o ano con 2.897 ganderías asociadas, destacando o compromiso co benestar animal, con 153 ganderías certificadas, un indicador clave da aposta pola calidade e a responsabilidade produtiva.

A produción de pensos segue a ser a actividade principal do Grupo, cun volume arredor das 282.100 toneladas, aínda que a diversificación das súas liñas de negocio contribúe a mellorar a súa capacidade de resposta ás novas demandas do sector e do mercado. Pola súa banda, a planta de Taboada, centrada na alimentación para vacún de leite, continúa a posicionarse como unha das instalacións máis relevantes deste tipo en España.

Pola súa banda, na planta de transformación e envasado de Melide procesáronse 62 millóns de quilos de leite, procedentes maioritariamente de ganderías socias, que actúan como provedores 100% de proximidade, fortalecendo a trazabilidade, a eficiencia e o impacto positivo no territorio.

Outros fitos acadados en 2025 inclúen:

- Preparación do proceso de transición na dirección do Grupo.
- Creación da figura do Director de RRHH e reforzo do equipo mediante a incorporación de perfís clave nas áreas de persoas.
- Reforzo dos procesos e políticas do Grupo, a través da elaboración de novos documentos de referencia para o sistema de *compliance* e políticas internas.
- Impulso do mercado internacional con presenza en novos países na facturación de Dairylac.
- Renovación integral do Consello Reitor, co obxectivo de reforzar a representatividade e a capacidade de gobernanza da cooperativa.

RESULTADOS ECONÓMICOS			
En miles de €	2025	2024	2023
Importe neto da cifra de negocios	219.305	204.769	214.998
Resultado de explotación	4.247	5.828	3.440
Resultado consolidado	3.447	3.992	1.945
Subvencións de explotación recibidas	588	264	718
Impostos sobre beneficios	- 753	- 914	403

Cadro 1.- Resultados económicos do Grupo.

VENDAS POR MERCADO		
En porcentaxe sobre a cifra de negocios neta	2025	2024
España	96,37%	97,69%
Mercados internacionais	3,63%	2,31%
Marruecos	0,15%	0,02%
Francia	0,00%	0,06%
Holanda	0,35%	0,25%
Rumanía	0,00%	-
Suíza	0,04%	-
Reino Unido	0,08%	0,07%
Grecia	0,00%	0,08%
Vietnam	0,36%	0,01%
Países Baixos	0,59%	-
Corea do Sur	0,03%	0,06%
Filipinas	0,00%	0,32%
China	0,23%	0,35%
Portugal	1,80%	1,08%

Cadro 2.- Ventas por mercado do Grupo.

INDICADORES OPERATIVOS			
	2025	2024	2023
Número de persoas socias	2.897	2.923	2.939
Cantidade de penso producido (miles de kg)	282.081	274.478	270.660
Volume de leite comercializada (miles de litros)	125.083	166.746	116.865

Cadro 3.- Indicadores operativos da actividade do Grupo.

2.3. Contexto actual e principais tendencias

O exercicio 2025 desenvolveuse nun contexto de transformación progresiva do sector agroalimentario, marcado pola necesidade de reforzar a competitividade, avanzar na eficiencia operativa e responder a un marco regulatorio cada vez máis esixente en materia ambiental e de reporte de sostibilidade. Neste escenario, a actividade do Grupo Aira inscríbese nun sector sometido a procesos de adaptación estrutural, modernización tecnolóxica e crecente integración de criterios ESG na xestión empresarial.

En Galicia, a evolución do sector primario continúa condicionada por factores estruturais como a concentración das explotacións, a dificultade de substitución xeracional e a limitada dispoñibilidade de man de obra cualificada, elementos que afectan á continuidade e capacidade de desenvolvemento do tecido produtivo rural. Ao mesmo tempo, consolídase unha tendencia cara á profesionalización da actividade, apoiada na incorporación de tecnoloxías, na mellora dos sistemas de xestión e nun uso máis eficiente dos recursos produtivos.

No ámbito agroalimentario, 2025 presenta un contexto de recuperación e mellora da actividade a nivel estatal, favorecido pola evolución da produción e das exportacións, aínda que persisten presións relevantes asociadas aos custos, á volatilidade dos mercados e á competencia exterior. Neste marco, a cadea de valor láctea continúa requirindo avances en eficiencia, valorización da produción e fortalecemento da

capacidade de transformación, co obxectivo de mellorar a xeración de valor no territorio e a resiliencia do sector.

Paralelamente, intensifícanse as tendencias vinculadas á dixitalización, á automatización, á trazabilidade e á sustentabilidade baseada en datos, que están a redefinir os modelos de produción e xestión no sector alimentario. Estes factores teñen unha incidencia crecente na toma de decisións empresariais, tanto desde a perspectiva da eficiencia e o control operativo como desde a resposta ás demandas do mercado e dos grupos de interese.

Neste contexto, o Grupo Aira desenvolve a súa actividade nun entorno no que a anticipación, a capacidade de adaptación e a integración da sostibilidade na estratexia empresarial resultan determinantes para garantir a súa competitividade e a creación de valor a longo prazo.

2.4. Obxectivos e estratexia

O Grupo mantíña no exercicio 2025 o desenvolvemento e a actualización continua do Plan Estratéxico do Grupo Aira, adaptado ás características do contexto actual e ás liñas de evolución observadas no sector agroalimentario. Este proceso de reflexión e orientación a medio e longo prazo refuerza a capacidade da organización para articular un rumbo claro, coherente e adaptable ás transformacións do mercado e ao marco normativo.

A estratexia do Grupo baséase na diversificación da súa actividade, nun compromiso continuo coa inversión e na incorporación sistemática da innovación como eixes estruturantes da competitividade e da sustentabilidade económica, medioambiental e social. Esta orientación concreta a aposta por reforzar servizos especializados, por ampliar o papel de integración da demanda e polo establecemento de acordos comerciais estables cos principais clientes, que contribúen a ameizar a volatilidade do mercado e a asegurar un horizonte de crecemento máis previsible.

Ao mesmo tempo, a estratexia e o modelo de negocio están alineados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Agenda 2030, traducindo esta alineación nas políticas, decisións e actuacións desenvolvidas ao longo da cadea de valor. A identificación dos ODS máis relevantes permite ao Grupo centrar recursos e iniciativas en ámbitos onde o seu impacto social, ambiental e de goberno resulta máis significativo, integrando de forma transversal os criterios ESG como parte estrutural da súa gobernanza e da xestión diaria.

	FAME CERO Contribuímos á seguridade alimentaria proporcionando produtos de alta calidade e valor nutricional. Apoiamos o desenvolvemento dun sistema agrícola rendible, sostible e resiliente, baseado en explotacións familiares, asegurando recursos de produción e insumos, coñecementos e servizos profesionais especializados que favorezan a produtividade.
	TRABALLO DECENTE E CRECIMENTO ECONÓMICO O modelo cooperativo e a economía social recoñécense como marcos que favorecen o desenvolvemento de actividades económicas que poñen ás persoas e ao planeta no centro, xerando emprego local e redistribuíndo a riqueza. O obxectivo é optimizar o rendemento e a rendibilidade das gandaríaas socias, que son explotacións familiares fortemente arraigadas no territorio. Valoramos o froito do seu traballo e apoiámolas na

	diversificación das súas actividades, fortalecendo a súa resiliencia. O volume agregado dos nosos socios permítenos obter condicións máis vantaxosas na negociación de prezos e asegurar un subministración estable e trazable. Contribuímos ao futuro do sector actuando como rede de soporte ante un contexto cambiante e esixente, impulsando a fixación da poboación no rural galego e o relevo xeracional.
	PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLE A economía circular intégrase en Aira desde diferentes perspectivas. Dairylac conta con tecnoloxías avanzadas que permiten o reaproveitamento de subprodutos. Ademais, o uso de produtos como servizos a través do alugueiro de maquinaria, o mantemento e reparación de equipos nos nosos talleres e o asesoramento técnico profesional axudan a maximizar o aproveitamento dos recursos. Pola súa banda, nos nosos procesos de transformación e envasado minimizamos o desperdicio alimentario, un problema complexo e de alto impacto.
	VIDA DOS ECOSISTEMAS TERRESTRES Os recursos naturais son a fonte de riqueza sobre a que se basea o modelo de negocio de Aira e o noso sector. Colaboramos coas nosas gandarías socias e con aliados do sector para promover o uso das mellores prácticas, acompañar na transición sostible e fomentar o benestar animal. Un campo galego produtivo e profesional é a mellor garantía para a conservación dos nosos ecosistemas, a través da optimización no uso de químicos e o impulso a alternativas máis respectuosas co medio ambiente.
	SAÚDE E BENESTAR Poñemos no mercado produtos que cumpran cos estándares máis estritos de calidade e trazabilidade, 100% galegos. Entre a nosa gama atopamos produtos de alto valor nutricional, como o leite, e orientados a segmentos con necesidades específicas, como persoas maiores, alimentación infantil ou nutrición e deporte.
	EDUCACIÓN DE CALIDADE A través da formación do noso equipo e dos socios, así como de alianzas con centros de formación, fomentamos a especialización e a capacitación que favorecen o desenvolvemento profesional.
	IGUALDADE DE XÉNERO O papel da muller no sector primario é tan central como esquecido. Colaboramos en iniciativas de sensibilización e formación dentro e fóra do Grupo. Un dos nosos obxectivos é impulsar a presenza das mulleres nos postos de decisión.
	AUGA LIMPA E SANEAMENTO A auga é un recurso cada vez máis escaso, e a xestión responsable dos procesos é clave para a súa conservación. Dairylac conta cun sistema de tratamento de vertidos na súa EDAR e participamos en proxectos de medición de pegada hídrica nas explotacións.
	ENERXÍA ASEQUIBLE E NON CONTAMINANTE Contribuímos á transición enerxética sostible mediante a instalación de paneis solares de autoconsumo, a priorización de subministración eléctrica de fontes renovables, o uso de combustibles con menor impacto como o GNL, a dispoñibilidade de puntos de recarga eléctricos e melloras en eficiencia enerxética nos nosos procesos.
	INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA Dairylac é o noso referente en innovación. A planta de transformación de leite e soro, a torre de secado e a planta de desmineralización e envasado utilizan tecnoloxía avanzada. O Grupo participa en proxectos de I+D+i, incluíndo a dixitalización das granxas, e mantén importantes investimentos nas súas instalacións.
	COMUNIDADES SOSTIBLES Impulsamos o tecido económico e social no rural, ante un contexto complexo. O noso compromiso co campo galego é inquebrantable. Defendemos o noso patrimonio natural e cultural, apoiando iniciativas locais e comercializando produtos baixo denominación de orixe protexida.
	ACCIÓN POLO CLIMA Participamos en proxectos de innovación para a medición e redución de emisións no sector primario, que pode xogar un papel crucial na adaptación climática e na absorción de gases de efecto invernadoiro. Impulsamos a formación e sensibilización das nosas gandarías socias arredor da mitigación e adaptación ao cambio climático.
	ALIANZAS Colaboramos dentro e fóra da nosa organización. Tecemos redes con axentes locais e entidades representativas para lograr un maior impacto positivo. A nosa esencia cooperativa fai que a colaboración sexa un eixo central de Aira.

Cadro 4.- ODS prioritarios do Grupo.

2.5. Grupos de interese

Os grupos de interese do Grupo corresponden aos analizados como parte da Análise de Materialidade, cun alcance que se estendeu á totalidade das actividades e relacións comerciais de Aira, considerado a diversidade nas actividades e liñas de negocio do Grupo. A interlocución cos grupos de interese continúa a ser un elemento integrado na operativa da organización, vencellada a súa presenza física no territorio e aos principios do modelo cooperativo, cunha participación activa das persoas socias, un grupo de interese clave.



Figura 3.- Principais categorías de grupos de interese de Aira.

Grupo	Subgrupo	Propósito da participación e contribución	Canles de participación
Persoas socias	Consello Reitor	Bo goberno. Cumprimento normativo. Procesos de toma de decisións estratéxicas, control e rendición de contas. Análise de impactos	Reunións ordinarias e extraordinarias Comunicación directa (email e teléfono)
	Persoas socias	Grupo de interese central, cunha tripla dimensión: cliente clave, provedor clave e propiedade. Definición da xeración de valor e da carteira de produtos e servizos Bo goberno. Rendición de contas e transparencia Impacto ambiental na cadea de valor: saúde e benestar animal e outros impactos Colaboración para unha xestión responsable da cadea de subministración incluíndo impactos sociais e ambientais augas arriba	Asembleas ordinarias e extraordinarias Comunicación directa (presencial a través de visitas e delegacións; telemática a través de email e teléfono) Eventos e xornadas Boletíns Área privada da web Contas anuais
Persoas traballadoras	Equipo directivo	Grupo de interese central na xestión responsable e na calidade e nivel de servizo ofrecido polo Grupo ás ganderías socias e aos clientes e persoas consumidoras. Cultura da organización Retención e desenvolvemento do talento Emprego de calidade: saúde, seguridade e benestar; igualdade, diversidade e inclusión; condicións laborais; formación e desenvolvemento	Comunicación directa (reunións internas, email e teléfono)
	Equipo en oficinas		Comité de Empresa e outros órganos de bo goberno
	Equipo en delegacións		Intranet
	Equipo en plantas		Revista corporativa
	Equipo de campo		Taboleiros de anuncios Paneis informativos Canle de denuncias
Clientes e persoas consumidoras	Persoas consumidoras	Subministración estable de produtos seguros, saudables, de calidade e de proximidade Posicionamento de marca Anticipación de tendencias e atención aos clientes	Comunicación directa (email e teléfono)
	Industria		Requisitos de clientes
	Gran consumo		Webs corporativas
	Horeca		Redes sociais corporativas
	Outras ganderías non socias		Canle de denuncias Campañas de marketing
Provedores	Provedores de m.p. e insumos	Búsqueda da excelencia para as operacións do Grupo Colaboración para unha xestión responsable da cadea de subministración, incluíndo impactos sociais e ambientais augas arriba	Comunicación directa (email e teléfono)
	Provedores de loxística		Eventos e xornadas
	Provedores de maquinaria		Webs corporativas
	Servizos profesionais		Redes sociais corporativas
	Subministracións		Canle de denuncias
	Outros provedores		

Grupo	Subgrupo	Propósito da participación e contribución	Canles de participación
Comunidade	Xuventude	Colaboración para maximización do impacto positivo no territorio, en concreto a través da abordaxe dos principais retos do campo galego	Comunicación directa (presenza do equipo no territorio a través das delegacións e visitas a campo, web e teléfono) Eventos e xornadas Webs corporativas Redes sociais corporativas Canle de denuncias
	Mulleres		
	Potenciais persoas socias		
	Sociedade		
Administración	Local	Cumprimento normativo Anticipación ás necesidades das ganderías socias Colaboración para maximización do impacto positivo no territorio	Comunicación directa (web e teléfono; ferramentas oficiais de comunicación: rexistros, formularios, etc.) Comunicación a través de asociacións representativas Canle de denuncias
	Autonómica		
	Nacional		
	Europea		
	Extracomunitaria		
Outros socios de negocio e axentes	Cooperativas participadas	Colaboración para maximización do impacto positivo no territorio	Comunicación directa (web e teléfono) Eventos e xornadas Webs corporativas Redes sociais corporativas Comunicación a través de asociacións representativas Acordos de colaboración Canle de denuncias Canles oficiais específicos
	Outras entidades vinculadas		
	Asociacións sectoriais		
	Centros de I+D+i e academia		
	Entidades certificadoras		
	Axentes sociais		
	Entidades financeiras		
	Outras empresas do sector lácteo		

Cadro 5.- Grupos de interese do Grupo. Propósito, contribución e canles de comunicación.

2.6. Asuntos materiais

Os asuntos materiais do Grupo son os identificados na análise de materialidade realizada.

Para identificar e priorizar os asuntos mais relevantes relativos aos impactos sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluídos os que afectan aos dereitos humanos. Aínda que a priorización de asuntos clave viña realizándose no marco das reflexións estratéxicas de negocio, esta é a primeira vez que se realiza unha análise de materialidade completa. Esta análise levouse a cabo seguindo as indicacións do Estándar GRI 3: Temas materiais 2021 e tendo en conta as recomendacións ligadas ao novo marco normativo europeo, en concreto a ESRS 1- General requirements e a Guía de implementación do EFRAG IG1 Análise de materialidade.

O proceso de análise de materialidade contemplou catro fases:

- 1) A análise de contexto, en concreto a través de:
 - a. A análise do modelo de negocio, actividade, grupos de interese e cadea de valor de Aira, revisando diferentes fontes de documentación interna, destacando as contas anuais do grupo, a Memoria de Sostibilidade 2023 e as páxinas web das empresas do Grupo.
 - b. A análise de estándares de referencia e guías sectoriais:
 - i. Fontes principais
 1. Ley 11/2018 en materia de información non financeira
 2. GRI 3: Temas Materiales 2021
 - ii. Fontes complementarias
 1. GRI 13 - Sectores Agricultura, Acuicultura e Pesca 2022
 2. ESRS 1 - General requirements Chapter 3
 3. ESRS 1 - Apéndice A: Application Requirements
 4. ESRS 2 - General disclosures Chapters 3 to 5
 5. Implementation Guidance EFRAG IG1 Materiality Assessment
 6. Pacto Mundial das Nacións Unidas
 7. Axenda 2030 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
 8. MSCI ESG Industry Materiality Map
 9. SASB Standard
 - c. A análise de asuntos materiais priorizados por pares, en concreto baseada nos EINFs e Memorias de sostibilidade de 4 empresas do sector lácteo.
- 2) A identificación dos temas materiais a través da análise da información dispoñible e da consulta a grupos de interese e persoas expertas. En base a análise anterior, xerouse un listado exhaustivo de mais de 70 temas materiais, que foi analizado seleccionando aqueles de aplicación a Aira, quedando reducido a 57 posibles temas materiais.
- 3) A priorización dos temas materiais, a través da consulta aos grupos de interese e persoas expertas. O listado de temas materiais resultante foi analizado tendo

en conta as contribucións das consultas realizadas, do equipo consultor especializado e do equipo interno de Aira a cargo da realización da análise de materialidade.

4) A validación do resultado por parte do equipo directivo de Aira.

As consultas aos grupos de interese consistiron na realización de enquisas ao equipo directivo de Aira S. Coop. Galega e Dairy Lac e outras persoas traballadoras, incluíndo perfís de diferentes roles: dirección xeral, financeira, industrial, comercial e aprovisionamento, recursos humanos, calidade e seguridade alimentaria, equipo de coordinación do EINF e marketing. Ademais realizáronse entrevistas semiestruturadas a persoas expertas do sector e ligadas a Aira.

A priorización dos temas materiais baseouse nas contribucións destas consultas e na valoración do Comité de Dirección de Aira. A materialidade de impacto priorizouse analizando o impacto dos temas materiais en base a súa severidade (escala, alcance e carácter irremediable) e probabilidade. A materialidade financeira priorizouse a través dunha estimación da escala e probabilidade de riscos e oportunidades, mediante unha asignación de puntuación dende 1 (nulo) ata 5 (crítico). Estableceuse como limiar o percentil do 75% para a selección de 16 temas materiais de Aira.

Contémplase a súa actualización periódica, e considérase que actualmente reflexan os temas vencellados aos impactos positivos e negativos máis significativos do Grupo.

ASUNTOS MATERIAIS	
SOCIAIS	Saúde, seguridade e benestar do equipo
	Impacto no desenvolvemento económico e social do territorio
	Relacións coas ganderías
	Saúde e seguridade de produto. Inocuidade dos alimentos
	Subministración seguro de alimentación saudable e de calidade
	Igualdade, diversidade e inclusión
AMBIENTAIS	Saúde e benestar animal
	Economía circular: uso eficiente de recursos
	Mitigación do cambio climático
	Contaminación do aire, auga e solo
	Contaminación por substancias preocupantes/controvertidas
ECONÓMICOS E DE GOBERNANZA	Posicionamento de marca
	Transparencia
	Cumprimento normativo e bo goberno
	Xestión responsable e trazabilidade da cadea de subministración
	Colaboración e diálogo con grupos de interese

Cadro 6.- Asuntos materiais do Grupo.

3. PERSOAS

O impacto sobre as persoas e o territorio mantense como un eixo estratéxico fundamental no modelo cooperativo do Grupo Aira, integrándose de maneira transversal en todas as súas actividades. A súa implantación no ámbito local, combinando a actividade económica coa colaboración en iniciativas sociais, contribúe á xeración de valor sostible e compartido no medio rural galego.

A natureza cooperativa do Grupo favorece unha relación sólida, bidireccional e de longo prazo coas ganderías socias, que participan simultaneamente como propietarias, proveedoras e clientes. Este vínculo permite reforzar o papel do Grupo como entidade de apoio, facilitando acceso a servizos técnicos especializados, programas de formación e recursos compartidos orientados a mellorar a eficiencia, rendibilidade e resiliencia das explotacións.

No ámbito laboral, o Grupo continúa a contribuír á dinamización do emprego rural mediante a creación de postos de traballo estables e de calidade, promovendo ao mesmo tempo contornas que favorecen o desenvolvemento profesional e persoal. Isto materialízase a través de iniciativas en materia de formación continua, conciliación e participación das persoas traballadoras.

A relación coa contorna próxima concrétese tamén no impulso de accións de carácter social e cultural, mediante colaboracións, patrocinios e actividades de divulgación, así como na priorización de provedores locais sempre que resulta viable. A través da súa actividade, o Grupo contribúe ademais ao fortalecemento da cadea de valor láctea galega, incidindo na súa calidade, seguridade e capacidade de adaptación.

Xunto a estes impactos positivos, o Grupo identifica e xestiona de maneira activa diversos riscos e retos de carácter laboral e social. Entre eles, destaca a necesidade de garantir condicións de traballo seguras, especialmente en contornas operativas expostas a riscos asociados ao uso de maquinaria, desprazamentos ou manipulación de substancias. Así mesmo, persisten desafíos vinculados á diversidade, igualdade e inclusión, particularmente en relación coa representación de xénero e a incorporación de talento novo, tanto no cadro de persoal como nos órganos de goberno, aspectos que se abordan mediante políticas específicas e accións de sensibilización.

No ámbito das relacións comerciais, o principal foco de risco sitúase na cadea de subministración, especialmente no relativo a insumos críticos. Para mitigar este risco, o Grupo aplica criterios de selección responsable de provedores e realiza un seguimento continuo do seu desempeño en materia social e ambiental, promovendo prácticas aliñadas cos principios de dilixencia debida e responsabilidade corporativa.

Un maior detalle sobre as políticas e medidas referidas a cada un dos impactos nomeados recóllese en cada apartado específico a continuación. De forma xeral, as políticas e documentos de referencia inclúen elementos voluntarios e de cumprimento coa lexislación vixente:

- Convenios colectivos propios (Aira S. Coop. Galega) e de aplicación (Dairylac).
- Plan de prevención de riscos laborais e Programa de medicina de traballo e vixilancia da saúde.

- Plan de igualdade de Aira S. Coop. Galega.
- Protocolo de prevención de acoso de Aira S. Coop. Galega e Dairylac.
- Protocolo de linguaxe inclusiva de de Aira S. Coop. Galega.
- Procedemento de selección y contratación de Aira S. Coop. Galega.
- Plan de protección de datos.
- Política de calidade e seguridade alimentaria.
- Informes internos de seguimento: Informes de saúde, Informes de sinistralidade, Informes sobre igualdade e condición laborais, etc.
- Certificacións de instalacións e produtos de calidade, saúde e seguridade, orixe e benestar animal.
- Política de calidad, medioambiente e responsabilidade social
- Análise de materialidade.

A presentación dos datos de emprego realízase, con carácter xeral, como plantilla de persoal e tomando como referencia o peche do período obxecto do informe, salvo nos casos en que se indique expresamente outra metodoloxía, como nos cadros nos que se proporcionan medias anuais.

3.1. O equipo

No Grupo Aira considérase que o capital humano é o principal recurso para garantir o éxito e a sustentabilidade da entidade. Por iso, trabállase por xerar un entorno de traballo positivo, seguro e motivador que impulse tanto o crecemento profesional como o desenvolvemento persoal de todas as persoas que forman parte da organización.

Ao peche do exercicio 2025, o cadro de persoal do Grupo está composto por 351 persoas empregadas, das cales o 70,4% son homes e o 29,6% mulleres. A distribución do persoal por tipo de contrato é case na súa totalidade de carácter indefinido, representando un 98,0% das persoas traballadoras. No referido á distribución por franxas de idade, máis da metade do equipo se sitúa no rango de 30 a 50 anos, cun 59,5%.

2025				2024		
Total do cadro de persoal	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	247	104	351	247	94	341
Indefinidos	242	102	344	238	91	329
<30	28	7	35	25	5	30
30<X<50	139	68	207	137	60	197
>50	75	27	102	76	26	102
Temporais	5	2	7	9	3	12
<30	2	1	3	2	1	3
30<X<50	1	1	2	4	2	6
>50	2	0	2	3	0	3

Cadro 7.- Distribución de persoas empregadas por modalidade de contrato e idade.

O modelo de xornada completa é predominante, xa que case a totalidade do persoal traballa a tempo completo. Pola súa parte, a xornada parcial só representa un 2,9% da totalidade.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Xornada completa	241	100	341	241	89	330
<30	30	8	38	27	6	33
30<X<50	136	66	202	137	58	195
>50	75	26	101	77	25	102
Xornada parcial	6	4	10	6	5	11
<30	0	0	0	0	0	0
30<X<50	3	3	6	4	4	8
>50	3	1	4	2	1	3

Cadro 8.- Distribución do persoal do Grupo por tipo de xornada laboral.

O cadro de persoal divídese en diferentes categorías profesionais e concéntrase nas categorías de oficiais de primeira, cun 37,7%; persoas técnicas tituladas cun 23,7%, e oficiais de segunda cun 17,7%.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Indefinidos	242	102	344	238	91	329
Persoal directivo	7	0	7	7	0	7
Técnicos titulados	43	40	83	42	36	78
Técnicos non titulados	11	12	23	12	9	21
Oficiais 1ª	112	18	130	96	13	109
Oficiais 2ª	44	17	61	48	18	66
Auxiliares	1	3	4	2	4	6
Peóns	24	12	36	31	11	42
Temporais	5	2	7	9	3	12
Persoal directivo	0	0	0	1	0	1
Técnicos titulados	1	0	1	1	0	1
Técnicos non titulados	1	0	1	0	0	0
Oficiais 1ª	1	1	2	3	2	5
Oficiais 2ª	1	0	1	0	0	0
Auxiliares	0	1	1	0	0	0
Peóns	1	0	1	4	1	5

Cadro 9.- Distribución do persoal do Grupo por clasificación profesional e tipo de contrato.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Xornada completa	241	100	341	241	89	330
Persoal directivo	7	0	7	7	0	7
Técnicos titulados	43	38	81	43	34	77
Técnicos non titulados	11	12	23	11	9	20
Oficiais 1ª	111	19	130	97	15	112
Oficiais 2ª	43	16	59	46	18	64
Auxiliares	1	4	5	2	3	5
Peóns	25	11	36	35	10	45
Xornada parcial	6	4	10	6	5	11
Persoal directivo	0	0	0	1	0	1
Técnicos titulados	1	2	3	0	2	2
Técnicos non titulados	1	0	1	1	0	1
Oficiais 1ª	2	0	2	2	0	2
Oficiais 2ª	2	1	3	2	0	2
Auxiliares	0	0	0	0	1	1
Peóns	0	1	1	0	2	2

Cadro 10.- Distribución do persoal do Grupo por clasificación profesional e tipo de xornada.

Todas as persoas empregadas están contratadas en España. A maior parte do equipo concéntrase en instalacións clave, como as sedes de Aira S. Coop. Galega (Lugo) e Dairylac S.L. (A Coruña) e no centro de Sobreira en Chantada.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Provincia de Lugo	201	78	279	198	70	268
Provincia de Pontevedra	12	6	18	12	6	18
Provincia de A Coruña	34	20	54	37	18	55

Cadro 11.- Distribución das persoas empregadas por centros do Grupo.

En 2025, o cadro de persoal estivo conformado por persoas traballadoras procedentes de diversas nacionalidades. Case o 98% do persoal tiña nacionalidade española, seguido por pequenas representacións doutros países.

Nacionalidades	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Española	239	104	343	234	94	328
Portuguesa	1	0	1	1	0	1
Cubana	2	0	2	1	0	1
Colombiana	2	0	2	2	0	2
Peruana	1	0	1	1	0	1
Francesa	0	0	0	1	0	1
Senegalesa	0	0	0	1	0	1
Uruguaya	1	0	1	1	0	1
Venezolana	1	0	1	1	0	1

Cadro 12.- Distribución do persoal do Grupo por tipo de nacionalidade.

O número de contratacións e despedimentos rexistrado no exercicio é o seguinte:

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Número de contratacións	45	15	60	66	11	77
<30	17	4	21	15	0	15
30<X<50	23	10	33	31	5	36
>50	5	1	6	20	6	26
Número de baixas	44	5	49	35	7	42
<30	15	2	17	13	0	13
30<X<50	23	3	26	14	4	18
>50	6	0	6	8	3	11

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Número de despedimentos	2	1	3	6	0	6
<30	0	0	0	1	0	1
30<X<50	2	1	3	5	0	5
>50	0	0	0	0	0	0
Número de despedimentos	2	1	3	6	0	6
Personal directivo	0	0	0	0	0	0
Técnicos titulados	1	1	2	0	0	0
Técnicos non titulados	0	0	0	1	0	1
Oficiais 1ª	0	0	0	1	0	1
Oficiais 2ª	0	0	0	1	0	1
Auxiliares	0	0	0	1	0	1
Peóns	1	0	1	2	0	2

Cadro 13.- Distribución dos despedimentos do persoal do Grupo.

A empresa está obrigada a comunicar por escrito a finalización do contrato de traballo, tal e como se recolle no convenio colectivo de Aira S. Coop. Galega, que recolle tamén os prazos de preaviso. En xeral, o período mínimo de aviso que se adoita dar ás persoas traballadoras e aos seus representantes antes da aplicación de cambios operacionais significativos que poidan afectalos de forma considerable é de 15 días.

2025			
Media anual de contratos	Homes	Mulleres	Total
Indefinidos	241,8	97,9	339,7
<30	29,5	6,2	35,8
30<X<50	136,3	65,4	201,7
>50	76,0	26,3	102,3
Temporais	4,8	0,7	5,5
<30	1,8	0,5	2,3
30<X<50	0,7	0,2	0,9
>50	2,3	0	2,3
Xornada parcial	6,5	4	10,5
<30	0	0	0
30<X<50	3,5	3,0	6,5
>50	3,0	1,0	4
Categoría profesional	246,7	98,7	345,4
Persoal directivo	0	0	0
Técnicos titulados	51,6	38,2	89,8
Técnicos non titulados	12,1	11,8	23,9
Oficiais 1ª	113,8	18,7	132,5
Oficiais 2ª	44,2	16,3	60,5
Auxiliares	1	2,8	3,8
Peóns	24	10,9	34,9

Cadro 14.- Media anual de contratos do Grupo por tipoloxía.

No exercicio 2025, a taxa total de rotación incrementouse ata o 14%, fronte ao 12,5% do ano anterior. A rotación foi superior nos homes que nas mulleres. Por grupos de idade, destaca especialmente a rotación dos homes menores de 30 anos, cun 50.0%, mentres que nas mulleres deste tramo a taxa baixa ata o 25%.

2025				2024		
Taxa de rotación	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<30	50,0%	25,0%	44,7%	46,4%	0,0%	36,1%
30<X<50	16,4%	4,3%	12,4%	10,4%	6,9%	9,4%
>50	7,9%	0,0%	5,8%	9,9%	10,7%	10,1%
TOTAL	17,9%	4,8%	14,0%	14,4%	7,4%	12,5%

Cadro 15.- Taxa de rotación media do Grupo.

O ano 2025 supuxo un fortalecemento das áreas de persoal e prevención de riscos, coa incorporación dun director de persoal e dun técnico de prevención, así como a especialización de persoal nos ámbitos de selección e formación. Todo iso contribuíu a dotar de maior robustez estas áreas no conxunto do grupo.

3.1.1. Emprego e organización do tempo de traballo

A organización do traballo no Grupo baséase nun equilibrio entre eficiencia operativa e benestar do persoal, procurando compatibilizar o incremento da produtividade co respecto aos dereitos laborais e coa normativa vixente. Esta maneira de xestionar o tempo e as tarefas busca, ao mesmo tempo, mellorar o rendemento da organización e favorecer unhas condicións de traballo máis sostibles para as persoas empregadas.

No relativo á distribución da xornada, desde 2023 aplícase a xornada continua durante os meses de xullo e agosto nas actividades nas que a súa implantación resulta viable, o que contribúe a facilitar a conciliación entre a vida profesional e a persoal. A duración e a ordenación do tempo de traballo en cada empresa do Grupo recóllense nos respectivos convenios aplicables.

En materia de vacacións anuais retribuídas, e dentro do marco das políticas orientadas ao benestar e á conciliación, establécense 22 días laborables para Aira S. Coop. Galega e 23 días laborables para Dairy Lac S.L. Ademais, os convenios correspondentes recollen distintas medidas de apoio á conciliación, como a posibilidade de gozar das vacacións en diferentes períodos no caso de Aira S. Coop. Galega ou a dispoñibilidade de días de asuntos propios en Dairy Lac S.L. Co obxectivo de mellorar a previsión e a coordinación interna, durante os dous primeiros meses do ano elabórase un calendario anual de traballo, no que tamén se teñen en conta as solicitudes do persoal.

En conxunto, este modelo de organización permite axustar de maneira máis equilibrada as necesidades operativas do Grupo e as preferencias do seu equipo humano, favorecendo un clima laboral positivo, unha mellor conciliación e unha planificación máis eficiente dos períodos de descanso.

En canto á acollida ao permiso por coidado de menor, dereito de todas as persoas traballadoras, 8 delas fixeron uso deste dereito, 7 homes e 1 muller. A taxa de regreso ao traballo despois do período de baixa por coidado de menor, así como a taxa de retención do persoal 12 meses despois da volta, mantéñense no 100%.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Permiso por coidado de menor	7	1	8	7	2	9
Número de persoas traballadoras con permiso	7	1	8	7	2	9
Cantidade de persoas traballadoras que regresaron ao seu posto de traballo despois do permiso	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Cantidade de persoas traballadoras que regresaron ao seu posto de traballo despois do permiso e seguen na empresa 12 meses despois	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Cadro 16.- Persoas traballadoras do Grupo con permiso por coidado de menor.

O convenio colectivo de Aira S. Coop. Galega inclúe unha cláusula específica sobre o dereito á desconexión dixital, que establece que todo o persoal ten garantido o dereito a non estar dispoñible nin atender comunicacións laborais fóra do seu horario de traballo. Esta medida pretende fomentar a conciliación entre a vida laboral e persoal, así como evitar o impacto negativo que pode ter a dispoñibilidade constante no benestar físico e emocional das persoas traballadoras. A dirección da empresa comprométese a respectar este dereito, garantindo que non se produzan situacións de presión ou abuso sobre o

persoal para estar dispoñible fóra do seu horario habitual de traballo, salvo en situacións excepcionais debidamente xustificadas.

No que respecta ás horas de absentismo derivadas de baixas médicas e enfermidade común, observouse un incremento que pode explicarse, principalmente, pola maior duración dos procesos de incapacidade temporal. Este feito estaría vinculado, entre outros factores, ás dificultades de acceso ás citas con especialistas médicos, o que tende a alongar os tempos de diagnóstico e recuperación.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Horas de absentismo	38.856,00	8.520,00	47.376,00	21.812,55	5.585,39	27.397,94

Cadro 17.- Horas de absentismo do Grupo.

3.1.2. Igualdade, remuneracións e fenda salarial

A análise das remuneracións medias no ano 2025 evidencia diferenzas entre os salarios percibidos por homes e mulleres en función dos diferentes postos de traballo e responsabilidades.

Categoría laboral	2025	
	Homes	Mulleres
Personal directivo	103.256 €	- €
Técnicos titulados	46.930 €	32.103 €
Técnicos non titulados	37.421 €	34.962 €
Oficiais 1ª	23.511 €	21.234 €
Oficiais 2ª	19.431 €	18.418 €
Auxiliares	16.881 €	15.987 €
Peóns	19.785 €	17.213 €
Idade		
<30	23.821 €	27.313 €
30<X<50	31.858 €	23.424 €
>50	42.545 €	28.054 €

Cadro 18.- Remuneracións medias do Grupo por categoría laboral e por franxa de idade.

A fenda salarial persiste en diferentes categorías profesionais, especialmente nos postos de técnicos. A análise da fenda salarial realizouse mediante unha ponderación da retribución media atendendo ao número de persoas traballadoras por cada categoría segundo os datos proporcionados polo programa de contabilidade. Aínda que, existen variacións salariais, a política retributiva do Grupo non distingue entre homes e mulleres.

	2025	2024
Categoría laboral		
Personal directivo	-	-
Técnicos titulados	31,59%	21,00%
Técnicos non titulados	6,57%	23,00%
Oficiais 1ª	9,69%	2,00%
Oficiais 2ª	5,21%	10,00%
Auxiliares	5,30%	17,00%
Peóns	13,00%	8,00%
Idade		
<30	-15%	-15%
30<X<50	26%	5%
>50	34%	18%
TOTAL	13%	8,7%

Cadro 19.- Fenda salarial do Grupo.

O II Plan de Igualdade de Aira S. Coop. Galega foi renovado para o período 2025-2029 e entrou en vigor o 30 de setembro de 2025, coa vontade de consolidar unha estratexia máis completa e estruturada para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Este novo plan foi negociado e aprobado no seo dunha comisión paritaria, incorporando medidas de mellora en ámbitos clave como selección, promoción, formación, conciliación, retribucións, saúde laboral, prevención do acoso, violencia de xénero e comunicación inclusiva.

Entre as principais novidades do II Plan destaca a súa maior concreción operativa, xa que fixa obxectivos específicos por área, indicadores de seguimento, responsables de implantación e prazos de execución para cada medida. Así mesmo, reforza o compromiso da empresa coa revisión anual da clasificación profesional e co deseño dun procedemento formal de promoción interna baseado en criterios obxectivos e medibles, co fin de reducir sesgos de xénero e mellorar a transparencia nos itinerarios profesionais.

No ámbito da formación, o plan aposta por accións dirixidas tanto á totalidade do persoal como, de maneira específica, ás persoas con capacidade de decisión en selección e promoción, aos mandos intermedios e ás áreas con maior presenza de desequilibrios de xénero. Tamén incorpora medidas para favorecer que a formación se imparte, como norma xeral, dentro da xornada laboral e para impulsar programas específicos orientados ao desenvolvemento de competencias de mulleres en postos técnicos, especializados e de responsabilidade.

En materia de conciliación e corresponsabilidade, o plan introduce unha guía de dereitos e procedementos, medidas para garantir o acceso igualitario á formación e á promoción para quen se acolle a medidas de conciliación, campañas para favorecer a implicación dos homes e a creación dunha bolsa de intercambio de quendas. No apartado retributivo, complétase coa revisión da política salarial, a transparencia nos complementos, a análise anual das brechas e a revisión das valoracións de postos e descrições de tarefas para asegurar a coherencia retributiva con perspectiva de xénero.

Tamén se reforzan as medidas de prevención do acoso, coa continuidade das campañas informativas e formativas sobre o protocolo contra o acoso sexual, laboral, por razón de

sexo e identidade sexual, e incorpórase unha nova liña de actuación fronte á violencia de xénero mediante a difusión de dereitos, a elaboración dun protocolo específico de atención e a formación do persoal de RRHH. A todo isto súmanse medidas de comunicación inclusiva, visibilización de referentes femininos e alianzas con entidades externas para favorecer a incorporación do sexo infrarrepresentado.

A empresa fai especial fincapé na difusión do Plan de Igualdade, co obxectivo de garantir que todo o persoal coñeza o seu contido, alcance e medidas de aplicación. Para facilitar o seu acceso e consulta en calquera momento, o plan atópase dispoñible para todas as persoas traballadoras a través do portal do empregado.

Durante o período obxecto de informe rexistrouse un único caso de acoso, que foi analizado internamente pola organización e abordado mediante o procedemento establecido ao efecto e adoptouse unha medida disciplinaria de carácter extintivo.

O Grupo non recibiu ningunha comunicación sobre posibles casos de discriminación durante o período obxecto do informe.

3.1.3. Saúde e seguridade laboral

A saúde e a seguridade no traballo constitúen unha prioridade estratéxica para o Grupo e un requisito esencial en todas as súas actividades. As condicións laborais en cada centro e posto de traballo inflúen directamente tanto na probabilidade de accidentes como na promoción da saúde e do benestar das persoas traballadoras, non só no plano físico, senón tamén no mental e emocional.

O compromiso preventivo do Grupo apoíase nunha análise obxectiva e continua dos riscos, cunha visión transversal que permite identificar factores susceptibles de afectar ao benestar do persoal. Neste marco, o Programa anual de medicina do traballo e vixilancia da saúde convértese na ferramenta principal de seguimento, complementada polos informes de saúde e de sinistralidade. Así mesmo, todo o persoal do Grupo permanece incluído no Plan de Riscos Laborais.

As reunións do Comité de Saúde e Seguridade en materia de prevención de riscos laborais realízanse con periodicidade cuadrimestral, o que facilita un control regular e actualizado das condicións de traballo. Durante 2025, este comité reuniuse o 10 de marzo e o 8 de setembro. A comunicación en materia de prevención canalízase a través dos representantes do persoal, co obxectivo de garantir que as medidas se axusten ás necesidades específicas de cada posto e actividade.

O servizo de prevención fundamenta a súa actuación nos resultados dos recoñecementos de saúde, en colaboración coa empresa Quirón Prevención. Entre as medidas aplicadas destacan o recoñecemento médico anual gratuíto para todo o persoal, así como accións de información e formación xeral en materia de seguridade laboral.

En 2025, realizáronse 296 exames de saúde, permitindo detectar posibles riscos e establecer accións preventivas específicas por postos de traballo e centros, destacando a inexistencia de enfermidades profesionais durante o último exercicio. Entre as afeccións máis frecuentes detectadas atópanse problemas cervicais, diminución da agudeza visual e sobrepeso.

Este modelo de actuación preventiva persegue non só a detección temperá de posibles problemas de saúde, senón tamén a consolidación dunha cultura de prevención activa e benestar no ámbito laboral, sustentada en evidencias obxectivas e en boas prácticas sectoriais.

En 2025 rexistráronse 29 accidentes de traballo, dos cales 15 derivaron en baixa laboral, o que representa un índice de incidencia do 4,29%. Todos os accidentes rexistrados foron de carácter leve e non rexistráronse falecementos.

2025			
	Homes	Mulleres	Total
Con baixa laboral	13	3	16
Sen baixa laboral	8	1	9
TOTAL	21	4	25

2024			
	Homes	Mulleres	Total
	13	3	16
	10	3	13
	23	6	29

Cadro 20.- Continxencias profesionais do Grupo.

2025				2024			
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	
Falecimentos	0	0	0	0	0	0	
Graves	0	0	0	1	0	1	
Leves	13	2	15	12	3	15	
TOTAL	13	2	15	13	3	16	

Cadro 21.- Gravidade das continxencias profesionais con baixa laboral no Grupo.

En canto á frecuencia dos accidentes, distribúese da seguinte maneira ao longo do ano.

2025				2024			
	Homes	Mulleres	Total		Homes	Mulleres	Total
Xaneiro	2	0	2	1	0	1	
Febreiro	3	0	3	1	0	1	
Marzo	2	0	2	1	0	1	
Abril	2	0	2	5	2	7	
Maio	4	0	4	4	0	4	
Xuño	3	1	4	2	2	4	
Xullo	2	1	3	2	1	3	
Agosto	1	0	1	3	0	3	
Setembro	1	0	1	2	0	2	
Outubro	1	0	1	1	0	1	
Novembro	0	1	1	0	0	0	
Decembro	0	1	1	1	1	2	
TOTAL	21	4	25	23	6	29	

Cadro 22.- Frecuencia dos accidentes de traballo do Grupo.

O Grupo reforza o seu compromiso coa saúde e a seguridade no traballo a través de programas formativos orientados tanto á formación xeral como específica en riscos laborais. Durante o último ano, desenvolvéronse cursos relacionados coa Prevención de Riscos Laborais, que contaron coa participación de 8 persoas traballadoras. Estas formacións non só abordan conceptos fundamentais de prevención de riscos, senón que tamén se enfocan en situacións de perigo específicas, garantindo unha mellor protección e seguridade no entorno laboral.

3.1.4. Relacións e diálogo sociais

A organización do diálogo social na empresa asentase no compromiso de colaboración e no respecto recíproco entre empregadores e traballadores, entendendo o diálogo como unha ferramenta chave para fortalecer as relacións laborais. Para garantir un intercambio de información ágil e eficaz, a organización mantíña procedementos formalizados que permiten informar, consultar e negociar de xeito estruturado co persoal, promovendo a transparencia e a participación nas decisións que afectan á vida laboral.

O Grupo conta con dous convenios colectivos, o Convenio estatal de industrias lácteas e os seus derivados de aplicación para Dairylac S.L. e o Convenio colectivo de la empresa Aira S. Coop. Galega.

En relación co convenio colectivo, a excepción do director xeral de Aira S. Coop. Galega, pola natureza do seu contrato, o resto das persoas empregadas está cubertas por convenio. O balance dos convenios colectivos reflicte un compromiso firme co benestar do equipo, abordando aspectos clave na prevención de riscos laborais e no fomento de un ambiente de traballo seguro e saudable.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Número de persoas empregadas cubertas polo convenio colectivo	99,6%	100,0%	99,7%	99,6%	100,0%	99,7%

Cadro 23.- Número de persoas empregadas do Grupo cubertas polos Convenios Colectivos.

Aira conta con diversos comités especializados en materias esenciais para o desenvolvemento profesional e o benestar laboral, cuxa estrutura e funcións constan detalladas no Apartado 5 de Bo Goberno deste documento. Ademais, está prevista a constituición dunha Comisión Paritaria, responsábel de velar polo cumprimento dos dereitos e das condicións de seguridade das persoas traballadoras, así como de impulsar a igualdade e o acato á normativa laboral e de igualdade dentro da organización.

Ademais, a Canle de denuncias é accesible para todas as persoas, como se recolle no *Apartado 2.1 Información xeral*.

A intranet do Grupo configura unha canle de comunicación formal e estruturada entre Aira e as súas persoas empregadas, utilizada para compartir documentación de interese, boletíns informativos mensuais, información sobre beneficios e servizos de empregado, así como unha vía de contacto áxil a través de mensaxes SMS ou WhatsApp. Durante o exercicio 2025, deullese un impulso específico ao contido da intranet, mellorando a organización, a actualización e a accesibilidade da información, co obxectivo de reforzar a transparencia e facilitar o seguimento continuo da actividade e das iniciativas da organización.

Dende Aira S. Coop. Galega, apoíase a realización de eleccións sindicais libres, que no ano 2025, como no 2024, contaron cunha representación de tres sindicatos: CIG, CC.OO. e UGT. Durante o proceso electoral, Aira sostén unha colaboración activa que inclúe a facilitación do acceso ao censo, a posta a disposición de medios apropiados e a

habilitación de espazos en taboleiros informativos co fin de favorecer a transparencia e garantir a participación das persoas traballadoras.

3.1.5. Formación e desenvolvemento profesional

Durante o exercicio 2025, participaron no plan anual de formación 200 persoas, nunha proposta deseñada para reforzar as competencias do persoal e responder ás necesidades estratéxicas da organización. O plan estrutúrase a partir dunha diagnose previa de necesidades formativas e prioriza aquelas materias clave para o desenvolvemento profesional, a adaptación aos cambios do negocio e a mellora continua. Ademais, incorpora un calendario planificado no que se especifican a duración de cada acción, o departamento destinatario, a entidade impartidora e o motivo que xustifica cada formación, o que permite unha xestión máis eficiente dos recursos e unha capacitación axustada ás necesidades reais da empresa.

Ao longo de 2025, a empresa destinou 6.184 horas á formación do persoal, abrangue ndo áreas fundamentais para o desenvolvemento profesional e o cumprimento da normativa vixente. Entre os contidos impartidos incluíronse:

- Formacións en saúde e seguridade laboral
- Formación técnica especializada en ámbitos como o benestar animal, o manexo de maquinaria ou a manipulación de produtos perigosos
- Formacións orientadas á xestión empresarial, entre as que destacan técnicas de negociación, protección de datos, uso de ferramentas dixitais, intelixencia artificial e compliance.
- Formacións específicas en igualdade de oportunidades e sensibilización para a igualdade no ámbito laboral, co obxectivo de garantir o cumprimento normativo e promover unha contorna de traballo máis inclusiva.

Horas de formación	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Persoal directivo	642,64	0	642,64	256	0	256
Técnicos titulados	1310,2	1444,4	2754,6	835	1057	1892
Técnicos non titulados	271,65	546,24	817,89	524	0	524
Oficiais 1ª	491,81	683,47	1175,28	342	207	549
Oficiais 2ª	162,89	450,88	613,77	202	146	348
Auxiliares	22,25	128,5	150,75	29	115	144
Peóns	20,64	8,55	29,19	284	131	415
TOTAL	2922	3262	6184	2472	1656	4128

Cadro 24.- Horas de formación por categoría laboral do Grupo.

Media de horas de formación	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Persoal directivo	91,8	0,0	91,8	32,0	0,0	32,0
Técnicos titulados	29,8	36,1	32,8	19,4	29,4	23,9
Técnicos non titulados	22,6	45,5	34,1	43,7	0,0	25,0
Oficiais 1ª	4,4	36,0	8,9	3,5	13,8	4,8
Oficiais 2ª	3,6	26,5	9,9	4,2	8,1	5,3
Auxiliares	22,3	32,1	30,2	14,5	28,8	24,0
Peóns	0,8	0,7	0,8	8,1	10,9	8,8
Total	11,8	31,4	17,6	10,0	17,8	12,1

Cadro 25.- Media de horas de formación por categoría laboral do Grupo.

De cara á mellora continua das capacidades profesionais, durante 2025 impulsouse ademais a creación dunha plataforma de formación para o grupo, orientada a facilitar o acceso a contidos actualizados e adaptados ás necesidades de cada área. Esta iniciativa favorece a especialización, a flexibilidade formativa e a mellora do rendemento global da organización, integrando formatos presenciais, virtuais e de e-learning como apoio transversal ao plan formativo.

3.1.6. Inclusión e accesibilidade

O Grupo Aira promove un entorno laboral baseado na diversidade e na inclusión, no que se garanta o respecto aos dereitos e á dignidade de todas as persoas. Neste marco, impulsa políticas orientadas a favorecer a igualdade de oportunidades e a accesibilidade universal, incorporando medidas específicas en materia de igualdade de trato, prevención do acoso, integración de colectivos diversos e xestión activa da diversidade.

Diferentes medidas implantadas para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes recóllense no *Apartado 3.1.2 Igualdade, remuneración e fenda salarial*.

No ámbito da inclusión e da accesibilidade universal, o Grupo impulsa actuacións destinadas a facilitar a incorporación e integración laboral das persoas con discapacidade, garantindo condicións adecuadas de accesibilidade nos centros de traballo. Así mesmo, conta con políticas específicas orientadas a previr calquera forma de discriminación, xa sexa por razón de xénero, discapacidade ou outras condicións persoais.

Durante o exercicio 2025, o Grupo continuou a integrar persoas con discapacidade no seu cadro de persoal, reforzando o seu compromiso coa inclusión laboral. Ademais, colabora con empresas de inserción social na prestación de servizos como limpeza e lavandería, contribuíndo á xeración de oportunidades para colectivos en situación de vulnerabilidade.

	2025			2024		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Número de persoas empregadas con discapacidade	6	0	6	5	0	5

Cadro 26.- Numero de persoas empregadas no Grupo con discapacidade.

3.2. A comunidade

O Grupo Aira continúa a desempeñar un papel relevante no impulso do desenvolvemento socioeconómico do medio rural galego, contribuíndo á dinamización da actividade económica, á creación de emprego e á estabilidade demográfica no territorio. A súa contribución transcende o ámbito estritamente empresarial, incidindo de maneira directa no benestar das comunidades locais.

O modelo cooperativo actúa como base para a consolidación do tecido produtivo, apoiando a viabilidade das explotacións sociais e promovendo unha cadea de valor que distribúe os beneficios de forma equilibrada. Este apoio concrétase na prestación de servizos especializados, programas de capacitación, medidas orientadas ao relevo xeracional e actuacións que buscan mellorar as condicións de vida no entorno rural.

Ao longo de 2025, o Grupo reforzou a súa colaboración con axentes do territorio, incluíndo entidades locais, centros educativos, organizacións sociais e administracións públicas, participando en iniciativas orientadas ao desenvolvemento social, cultural e formativo. Así mesmo, intensificáronse as accións de sensibilización e divulgación sobre o sector primario e a sustentabilidade, achegando estes contidos á sociedade e, en particular, ás novas xeracións.

De forma transversal, o Grupo integra principios de responsabilidade e ética nas súas relacións cos distintos grupos de interese, promovendo un modelo baseado na cooperación, a confianza e a xeración de valor compartido a longo prazo.

As diferentes iniciativas voluntarias aumentan o efecto positivo de Aira na sociedade nas poboacións locais e no territorio, incluíndo:

- Convenios de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña, escolas de negocio e IES de Arzúa, Melide, EFA Fonteboa e Chantada, incluíndo visitas ás instalacións de Aira.
- Colaboracións con entidades sociais do territorio, como a ONG Rescate (Lugo) e Acción contra el Hambre, co obxectivo de impulsar accións de captación, formación e acompañamento de man de obra dirixidas a colectivos en situación de vulnerabilidade.
- Participación na difusión do cooperativismo agrario, con entidades como Agaca e coa Consellería de Comercio coa grabación de materia audiovisual nas instalacións de AIRA e participación do acto central de AGACA para a celebración desa xornada.
- Acollida de diversas visitas ao longo do ano, tanto de alumnado e centros formativos, como da Facultade de Veterinaria, ou os grupos de gandeiros e gandeiras procedentes de Irlanda, que visitaron as instalacións do Grupo para coñecer de primeira man a experiencia galega. Visita dunha comisión de socios de Aira en Filipinas ás instalacións de Melide. Visita de escolares do Colexio de Taboada como premio do Concurso de Debuxo do que tamén confeccionou o calendario anual de Aira.
- Con motivo do Día da Muller Rural, vicepresidenta de Aira participou nunha mesa redonda organizada por El Progreso de Lugo, contribuíndo a visibilizar o papel fundamental das mulleres no campo galego.

- Doazóns económicas e en especie a actividades culturais, deportivas e de lecer no ámbito local, campamentos, carreiras populares, probas deportivas e eventos solidarios, campamentos de verán, a Carreira Popular de Carballedo, probas automobilísticas coma a de Taboada, e deportivas como a proba de trail Heroica Sacra e o Torneo Solidario de Fútbol Sala en Mesía, a favor da Asociación Española Contra o Cancro ou as Olimpíadas Rurais en Friol).
- Posta en marcha de iniciativas propias como o I Certame Internacional de Pintura Aira “Territorio Compartido, raíces comúns”, orientado a reflexionar sobre a relación entre territorio, persoas e actividade agraria.
- Organización de encontros sectoriais como a xornada anual da ADSG, centrada en temáticas de interese para o sector gandeiro, como o benestar animal da última edición.

APORTACIÓNS A ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO EN INICIATIVAS DE IMPACTO POSITIVO NA COMUNIDADE LOCAL		
En €	2025	2024
Inversións en doazóns e patrocinios na comunidade local	18.977	17.222
Aportacións a asociacións	1.720	1.720

**Cadro 27.- Aportacións a asociacións e organizacións sen ánimo de lucro:
aportacións, doazóns e patrocinios.**

As canles de comunicación cos axentes clave da comunidade local recóllense no *Apartado 2.5 Grupos de interese*, xa que os diferentes perfís son considerados como grupos de interese pola organización, contando con diferentes vías para o diálogo e a participación. En 2025 non se realizou ningunha contribución a partidos ou representantes políticos.

3.3. Os provedores

A cadea de subministración constitúe un elemento clave no funcionamento e na proposta de valor do Grupo, ao integrar unha rede diversa de provedores que sustentan as distintas actividades desenvolvidas. A súa xestión oríntase a garantir estándares elevados de calidade e cumprimento, ao tempo que incorpora criterios sociais e ambientais coherentes co modelo cooperativo.

Neste ecosistema, as ganderías socias ocupan unha posición singular, ao participar de forma directa na cadea de valor como subministradoras da materia prima principal. A súa vinculación estrutural co Grupo facilita un alto grao de coordinación, favorece a adaptación continua aos requirimentos produtivos e contribúe a asegurar a orixe e trazabilidade do leite. Ademais, esta relación permite xerar sinerxías que repercuten tanto na mellora da eficiencia das explotacións como na consolidación do entorno rural.

O Grupo desenvolve actuacións orientadas a reforzar o desempeño ambiental das explotacións, promovendo prácticas máis eficientes no uso de recursos, ferramentas de medición de impactos e estándares recoñecidos en materia de benestar animal.

Por outra banda, a subministración de insumos agrarios e materiais auxiliares implica a interacción con provedores de maior escala, cuxas actividades presentan impactos ambientais relevantes, especialmente nas fases iniciais de produción. Neste sentido, identifícanse como aspectos críticos a presión sobre os ecosistemas e o uso intensivo de recursos naturais. A tipoloxía destes provedores, maioritariamente compañías internacionais, implica a existencia de sistemas avanzados de xestión e reporte en sustentabilidade.

A colaboración con Delagro continúa a desempeñar un papel relevante na mellora da cadea de valor, especialmente no ámbito da innovación aplicada. Os proxectos desenvolvidos conxuntamente permiten avanzar en solucións técnicas que contribúen á redución de impactos ambientais, con especial foco na xestión de residuos orgánicos e na optimización do uso de insumos.

Ao longo de 2025, o Grupo deu pasos adicionais cara a unha maior estruturación da xestión de provedores, mediante o desenvolvemento de ferramentas e criterios que faciliten a avaliación sistemática dos seus impactos. Este proceso atópase aínda en evolución, condicionado pola dispoñibilidade de información agregada e homoxénea a nivel de Grupo.

Desde a perspectiva de riscos, os principais aspectos ambientais localízanse nas etapas de produción de materias primas e insumos, mentres que, no plano social, os riscos están asociados fundamentalmente ás condicións de traballo e ao impacto nas comunidades onde operan os provedores. Non se teñen identificado incumprimentos significativos en materia de dereitos humanos.

O Grupo incorpora criterios éticos na súa relación comercial, promovendo prácticas responsables e esixindo o cumprimento da normativa vixente. Este enfoque complementase con accións de acompañamento e asesoramento, orientadas a elevar progresivamente os estándares ao longo da cadea de subministración.

Como mecanismo adicional de control, o Grupo pon a disposición dos seus provedores un canal de comunicación e denuncia que permite identificar posibles incumprimentos e reforzar a transparencia. Este sistema intégrase cos mecanismos propios de reporte e control das empresas proveedoras, especialmente no caso de operadores de maior dimensión.

En conxunto, a xestión da cadea de subministración evoluciona cara a un modelo máis estruturado e orientado á sustentabilidade, no que a colaboración cos provedores resulta esencial para avanzar cara a un equilibrio entre eficiencia económica, innovación e responsabilidade social e ambiental.

3.4. Os clientes e as persoas consumidoras

A relación coas persoas clientes e consumidoras configúrase como un elemento esencial na actividade do Grupo, orientando a prestación de produtos e servizos cara a estándares elevados de calidade, seguridade e confianza. Este enfoque responde á crecente esixencia do mercado e á responsabilidade do Grupo na cadea alimentaria.

As ganderías socias seguen a representar o principal destino dos produtos e servizos agrogandeiros, consolidándose como un colectivo clave pola súa dobre condición dentro do modelo cooperativo. Esta interdependencia reforza a relevancia dos impactos xerados, non só en termos económicos, senón tamén sociais e ambientais.

Xunto a este colectivo, o Grupo mantén relación con outros segmentos de clientes, incluíndo explotacións non socias, empresas da industria láctea e agroalimentaria, así como operadores de distribución e canles profesionais. Esta diversidade require adaptar a proposta de valor e os mecanismos de relación a distintos perfís e necesidades.

A garantía de produtos seguros, trazables e de alta calidade continúa a ser un principio transversal en todas as áreas de actividade. Para iso, o Grupo reforza os seus sistemas de xestión, integrando procedementos de control, avaliación e mellora continua ao longo de toda a cadea operativa, desde a orixe ata a entrega final. Este enfoque vese acompañado polo avance na harmonización de procesos no marco da evolución organizativa do Grupo.

O marco de referencia en materia de calidade e seguridade alimentaria artículase a través da Política corporativa e do mantemento de estándares recoñecidos internacionalmente, como GLOBALG.A.P., ISO 22000, IFS Food (Higher Level) ou sistemas baseados en APPCC e GMP. Estes sistemas permiten garantir a fiabilidade dos procesos e facilitar a transparencia fronte aos clientes, que acceden de forma habitual a información técnica e de control a través de ferramentas de avaliación e seguimento.

Os principais impactos asociados á relación cos clientes céntranse na seguridade alimentaria, a calidade dos produtos e a confianza na marca, aspectos que o Grupo xestiona mediante a consolidación de sistemas internos e a mellora progresiva dos seus procesos.

En canto aos mecanismos de interacción, o Grupo dispón de diferentes canles que permiten recoller, analizar e dar resposta ás necesidades, incidencias e expectativas dos clientes. Entre eles inclúese un canal de comunicación e denuncias accesible tamén para persoas consumidoras, así como procedementos estruturados para a xestión de reclamacións, non conformidades e accións correctivas, coordinados polos departamentos correspondentes segundo o tipo de cliente.

A información derivada destas interaccións intégrase nos procesos internos de análise e toma de decisións, que son compartidos co equipo de Dirección, contribuíndo á mellora continua dos produtos, servizos e da experiencia global do cliente.

En 2025 recibíronse 130 reclamacións por parte de clientes, que foron xestionadas e analizadas para identificar a causa raíz, con accións correctivas establecidas nos casos estimados como pertinentes.

En 2025 non existiu no Grupo ningún incumprimento ligado á saúde e seguridade dos produtos ou servizos que derivase en sancións, multas ou advertencias.

O etiquetado dos produtos comercializados realízase en cumprimento da normativa de aplicación. En 2025 se identificaron 6 incumprimentos ligados á información e etiquetado dos produtos.

En 2025 non se recibiron reclamacións ligadas á protección de datos e a privacidade dos clientes. Por outra banda, a través das entidades asociativas das que forma parte, Aira

contribúe á difusión de información rigorosa e baseada en datos científicos sobre alimentación saudable e sobre os beneficios do leite e dos produtos lácteos.

4. PLANETA

Durante o exercicio 2025, o Grupo Aira consolidou o seu compromiso coa protección do medio ambiente, avanzando na incorporación de criterios ambientais na xestión global da organización. Este enfoque intégrase de maneira progresiva en todas as áreas de actividade, tendo en conta as particularidades do sector agrogandeiro e o contexto territorial no que opera.

A relación coas explotacións sociais continúa sendo clave na estratexia ambiental do Grupo. Neste sentido, promóvese un modelo de produción responsable que reforza o benestar animal e contribúe á preservación dos ecosistemas rurais. A actividade desenvolvida polos socios favorece a conservación do solo e da paisaxe, ao tempo que desempeña un papel relevante na prevención de incendios forestais e na captación de carbono a través das prácticas agrícolas.

No ámbito das operacións industriais, o Grupo segue impulsando medidas orientadas á optimización do uso de recursos naturais e á redución dos impactos asociados á súa actividade. Entre as prioridades destacan a diminución das emisións, a mellora na xestión de residuos e o control da pegada de carbono. A aposta pola economía circular mantense firme, mediante a reutilización de materiais e subprodutos e a mellora continua dos procesos produtivos a través da innovación.

O cambio climático continúa a ser unha liña de actuación prioritaria. O Grupo aborda este desafío combinando accións de adaptación, mediante investimentos e colaboración coas explotacións, con iniciativas orientadas á redución das emisións e á optimización do uso de recursos. Neste marco, intensifícase o acompañamento técnico ao longo da cadea de valor para fomentar prácticas máis sostibles e eficientes, incorporando tamén medidas orientadas á minimización e mellora da xestión dos residuos xerados.

O emprego de determinados insumos propios do sector, como fertilizantes, antibióticos, materiais plásticos ou produtos fitosanitarios, require unha xestión rigorosa para evitar efectos adversos sobre o medio ambiente. Por este motivo, o Grupo promove o seu uso racional, apoiándose en criterios técnicos, na formación continua das explotacións e na selección de provedores que cumpran estándares ambientais esixentes.

Un maior detalle sobre as medidas referidas a cada un dos impactos nomeados recóllese en cada apartado específico a continuación. De forma xeral, os documentos de referencia inclúen elementos voluntarios e de cumprimento coa lexislación vixente:

- Informe de pegada de carbono 2025.
- Informes e rexistros internos de seguimento: consumo de recursos, xeración e disposición de residuos, etc.
- Certificacións de instalacións e produtos de calidade, saúde e seguridade, orixe e benestar animal.
- Análise de materialidade.
- Política de calidade, medioambiente e responsabilidade social
- Plan de redución de emisións. Folla de ruta 2030.

A recollida e tratamento dos datos realizouse a través de sistemas internos que foron obxecto de mellora durante o exercicio, co fin de aumentar a súa precisión e coherencia.

O Grupo continúa avanzando na estandarización e dixitalización da información, reforzando a súa capacidade de reporte e aliñándose cos novos requirimentos europeos en materia de información sobre sostibilidade.

4.1. Economía circular: materiais e residuos

O Grupo desenvolve actuacións orientadas a optimizar o uso dos recursos, reducir a xeración de residuos e potenciar a valorización de subprodutos. Neste sentido, as iniciativas ambientais continúan aliñadas coa implantación de modelos produtivos máis eficientes, tanto no ámbito industrial como nas explotacións asociadas, promovendo prácticas que minimizan o impacto ambiental.

Durante o exercicio 2025 mantivéronse, con carácter xeral, as liñas de actuación xa implantadas en anos anteriores, consolidando os avances acadados en materia de reutilización de subprodutos e xestión de residuos. Dairylac segue apostando pola valorización do soro procedente da elaboración de queixos, mediante a produción de soro en po desmineralizado e lactosoro doce en po. Este enfoque permite evitar a súa consideración como residuo, transformándoo nun produto de alto valor engadido.

Desde a posta en marcha da torre de secado en 2020, mantense a colaboración con oito queixerías para a revalorización do soro. En 2025, o volume de auga recuperada no centro de transformación láctea foi de máis de 27.000 m³ anuais, case un 14% con respecto aos rexistros en 2024.

A participación en proxectos de I+D+i centrados en solucións circulares continúa sendo unha prioridade estratéxica. O Grupo impulsa iniciativas orientadas á obtención de fertilizantes, biopolímeros, biogás e auga reutilizable a partir de residuos agropecuarios, subprodutos lácteos e efluentes agroalimentarios, avanzando na xeración de novos recursos e contribuíndo á redución da pegada de carbono.

No ámbito da xestión interna, mantéñense sistemas de recollida selectiva nas distintas plantas e instalacións, así como a correcta xestión de residuos perigosos a través de xestores autorizados. Infraestruturas como a estación depuradora de Dairylac S.L. e a compactadora de papel e cartón en Taboada reforzan a eficiencia na xestión de residuos e a promoción da reciclaxe.

O modelo de economía circular complétase co traballo conxunto coas ganderías socias. A través do servizo de maquinaria compartida, optimízase o uso dos recursos, redúcense duplicidades e prolóngase a vida útil dos equipos. Así mesmo, reforzáronse as accións de formación e asesoramento técnico, orientadas a fomentar un uso responsable de insumos con impacto ambiental ,como fertilizantes, produtos fitosanitarios ou antibióticos, e a mellorar a xestión dos xurros.

4.1.1. Materias primas

As materias primas principais son o leite no caso da planta de Dairylac e o millo, o orxo, a colza e a soia no caso da planta de Aira S. Coop. Galega de fabricación de pensos. A planta de transformación e envasado de Melide procesou mais de 62 millóns de kilos de leite ao ano, un 23% máis que no exercicio anterior, sendo o 87% procedente das ganderías socias de Aira, S.C.G, e o 100% galega e totalmente trazable. As plantas de Sarria e Taboada

produciron 282.081 toneladas de penso, o que supoñe un lixeiro crecemento con respecto do ano 2024, composto principalmente por cereais e sementes e os seus derivados.

	2025	2024
Consumo	Tm	Tm
Cereais, os seus produtos e subprodutos	152.273	134.210
Sementes e froitos oleaxinosos, os seus produtos e subprodutos	73.119	83.990
Forraxes	34.132	26.113
Minerais	9.459	9.285
Tubérculos e raíces, os seus produtos e subprodutos	8.612	7.926

Cadro 28.- Principais materias primas consumidas por Aira S. Coop. Galega

En relación cos materiais auxiliares, ao longo de 2025 o Grupo empregou un total de 226,88 toneladas de materiais destinados ao envasado de produtos e materias primas, o que supón un incremento do 28,93% respecto ao exercicio anterior. Este aumento débese, en gran medida, ao maior uso de materiais reciclables como papel, cartón e rafia, así como ao crecemento dos envases de Dairylac asociado ao incremento da produción. En Dairylac, continúa a destacar a utilización de contedores de 1.000 litros, que son recuperados tras o seu uso para seren reutilizados de forma continua. Esta práctica favorece a redución de residuos, optimiza o ciclo de vida dos materiais e contribúe a minimizar o impacto ambiental.

4.1.2. Residuos

En 2025, a xeración de residuos diminuíu nun 2.47% ata as 2.942 toneladas métricas de residuos, sen embargo, incrementouse a xeración de residuos perigosos é debido á limpeza dos separadores de hidrocarburos que realizaronse na planta e na gasoleira de Taboada e no centro de Chantada.

Con todo, os residuos perigosos só supoñen un 2.25% do total xerado, correspondendo principalmente a residuos derivados das actividades de mantemento de equipos, dos talleres, do laboratorio e da comercialización de produtos biocidas e zoosanitarios. Entre estes residuos inclúense aceites minerais usados, produtos químicos perigosos, lodos de separadores de substancias aceitosas, e outros materiais contaminados por substancias perigosas, que son xestionados conforme aos requisitos normativos, garantindo un tratamento adecuado e seguro. Das 66,26 toneladas xeradas de residuos perigosos, máis de 61,65 foron sometidas a procesos de valorización, mentres que só 4,61 toneladas métricas foron destinadas á eliminación.

	2025	2024
Residuos	Tm	Tm
Perigosos	66,26	24,47
Non perigosos	2.876,20	2.992,45
TOTAL	2.942,46	3.016,92

Cadro 29.- Cantidade de residuos xerados do Grupo

En canto aos residuos non perigosos, xeráronse 2.876 toneladas, das cales a práctica totalidade foi valorizada, un 99,77%, evitando a eliminación en vertedoiros e promovendo unha xestión máis sostible e en liña cos principios de economía circular. Os residuos non perigosos proveñen fundamentalmente da fabricación de pensos e produtos lácteos, da actividade dos talleres e da limpeza das fosas sépticas.

Os residuos máis significativos xerados polo Grupo corresponden aos lodos de depuradora da planta de Dairy Lac, que representan o 92,11% do total xerado e son destinados á revalorización para a obtención de biogás. O resto dos residuos non perigosos inclúen envases de papel, cartón e plástico, absorbentes, pneumáticos fóra de uso, ferro e aceites comestibles.

		2025		2024	
		Tm	%	Tm	%
Residuos perigosos	Eliminación	4,61	0,2%	2,16	0,2%
	Revalorización	61,65	2,1%	22,31	2,1%
Residuos non perigosos	Eliminación	2,06	0,1%	0,77	0,1%
	Revalorización	2.874,14	97,7%	2.991,68	97,7%
TOTAL		2.942,46		3.016,92	

Cadro 30.- Desglose por tipoloxía e destino de residuos xerados polo Grupo

Para asegurar unha xestión adecuada, os residuos son manexados por empresas debidamente acreditadas, baixo un rigoroso control de trazabilidade que inclúe políticas de almacenamento, etiquetado e manipulación, e conta con rexistros das cantidades de residuos xestionadas segundo os certificados obtidos a través da Plataforma galega de información ambiental. A selección de xestores prioriza aquelas empresas que favorecen a valorización sobre a eliminación apoiando a transición a unha economía máis circular.

Por outra banda, o Grupo segue a facilitar a recollida separada de residuos dos clientes a través de puntos en delegacións seleccionadas para a correcta disposición de fitosanitarios (como parte do sistema SIGFITO) e zoonosanitarios.

Aira participa en diversos proxectos de investigación e innovación orientados á redución de residuos e á valorización de subprodutos e efluentes agropecuarios, contribuíndo á xestión sostible dos recursos e á implementación de modelos de produción circular. Iniciativas como Agroles e Agromanure centran o seu labor na mellora da xestión de nutrientes e residuos orgánicos nas explotacións, mentres que proxectos europeos como GREENLOW PECUARIA desenvolven solucións innovadoras para reducir a pegada ambiental do sector gandeiro. Ademais, a través de colaboracións con AGACA e proxectos como Aurora e LACTEUS, Aira apoia o desenvolvemento de tecnoloxías para a transformación de residuos en produtos de alto valor engadido, fomentando a competitividade e a resiliencia do sector lácteo..

4.2. Auga

A xestión da auga no Grupo abórdase desde unha perspectiva de eficiencia e responsabilidade ambiental, recoñecendo o carácter estratéxico deste recurso nas súas operacións. O abastecemento realízase mediante unha combinación de subministración procedente da rede municipal e captación propia a través de pozos distribuídos en distintas instalacións. Este modelo permite asegurar a dispoñibilidade do recurso e facilita a implantación de mecanismos de seguimento, control e optimización do consumo, orientados á redución do impacto ambiental.

En 2025, en base aos datos recollidos co sistema de información actual o Grupo rexistrou un volume de abastecemento de 166.811 m³ de auga (166,811 megalitros), procedente de captación propia a través de pozos en varias das súas delegacións e de conexión á rede municipal. O aumento respecto ao ano anterior débese principalmente ao crecemento de Dairyloc e ao incremento da súa produción.

	2025	2024
	m ³	m ³
Consumo de auga en m ³	166.811,82	165.787,15

Cadro 31.- Consumo de auga do Grupo

É importante destacar que en Dairyloc, onde o consumo de auga é o máis significativo dentro do Grupo, existe un sistema de medición de consumo e vertido que permite unha xestión precisa. Ademais, case o 15% da auga consumida neste centro provén de auga recuperada durante o propio proceso industrial, que é tratada mediante técnicas de ósmose inversa, UV e aplicación de cloro, conseguindo así auga potable apta para consumo humano.

En relación coa xestión de vertidos, o Grupo aplica sistemas de control orientados a garantir o estrito cumprimento da normativa ambiental vixente. No caso das instalacións de Dairyloc, que dispoñen de depuradora propia, os efluentes son tratados previamente á súa descarga na rede municipal, realizándose controis analíticos periódicos para verificar o respecto dos límites establecidos. Pola súa parte, a fábrica de pensos de Aira S. Coop. Galega non xera vertidos de carácter industrial. Nas delegacións que contan con talleres e/ou estacións de servizo, lévanse a cabo tamén análises de seguimento dos vertidos, co obxectivo de previr impactos e salvagardar a calidade das augas.

De cara ao 2026, o obxectivo do Grupo continua a ser avanzar na eficiencia hídrica mediante a mellora da recollida de datos e a monitorización de consumos en todas as súas delegacións, co fin de lograr unha medición máis precisa do consumo e asegurar un uso responsable e sostible dos recursos hídricos.

4.3. Contaminación e cambio climático

O cambio climático configúrase como un desafío transversal que impacta directamente tanto no sector agrogandeiro como na propia organización, xerando ao mesmo tempo

riscos significativos e novas oportunidades. A redución da pegada de carbono e a adaptación aos seus efectos constitúen liñas estratéxicas prioritarias, tendo en conta que as emisións do Grupo proceden tanto dos procesos industriais e loxísticos como da actividade gandeira, sendo esta última especialmente relevante polo seu peso no conxunto.

Así mesmo, é importante destacar o papel activo do sector primario na mitigación do cambio climático, a través de prácticas como o secuestro de carbono nos solos agrícolas, consideradas solucións baseadas na natureza (SBN) con elevado potencial. Con todo, trátase tamén dun sector especialmente exposto aos impactos derivados do cambio climático, polo que reforzar a súa capacidade de adaptación resulta esencial para garantir a súa viabilidade e resiliencia no medio e longo prazo. Neste contexto, Aira avanza na identificación, avaliación e xestión dos riscos e oportunidades climáticas, integrándoos progresivamente na planificación estratéxica e na toma de decisións, e avanzando na súa medición e seguimento, co obxectivo de facilitar unha transición ordenada cara a modelos produtivos máis sostibles e baixos en carbono.

A contaminación por material particulado (PM) representa un desafío ambiental relevante para as actividades industriais, especialmente no sector agroalimentario. Este tipo de contaminación, derivada da emisión de partículas sólidas e gotas líquidas ao aire, pode afectar gravemente a saúde humana e a calidade do aire. As emisións anuais de partículas (PM) en Aira S. Coop. Galega situáronse en 0,43 toneladas ao ano, o que supón unha redución do 21,5% respecto do exercicio anterior, consolidando así a tendencia descendente observada. Pola súa banda, en 2023 Dairy Lac presentaba rexistros residuais, cunha emisión de partículas (PM) inferior a 0,03 kg/h. No ano 2025, estas emisións incrementáronse ata 0,17 kg/h, o que supón un aumento do 43,3%. Este incremento explícase pola mellora na medición dos focos emisores, así como polo maior tempo de funcionamento da torre de elaboración de leite en po.

4.3.1. Enerxía

As fontes de enerxía e os combustibles empregados abranguen os consumidos en instalacións, maquinaria e flota de vehículos. Entre os combustibles destacan o uso de gas natural, biomasa e gasóleo, rexistrándose un descenso do LPG debido a súa eliminación na planta de pensos de Taboada. No referido ao consumo eléctrico, cóntase con enerxía de orixe non renovable, así como instalacións de autoconsumo, como placas fotovoltaicas e xeotermia.

	2025	2024
Consumo enerxético	Uds.	Uds.
Electricidade de orixe non renovable (kWh)	12.264.702	11.691.739
Gas natural (kWhPCS)	22.114.108	22.280.559
LPG (l)	23.879	120.485
Gasóleo (l)	1.802.918	1.844.279
Adblue (l)	151	82
Bioenerxía (kg)	20.200	13.535

*Os datos recollidos non inclúen o consumo cuberto polas placas fotovoltaicas instaladas e xeotermia.

Cadro 32.- Consumo por fonte de enerxía do Grupo.

O aumento con respecto do ano anterior é debido ao crecemento da produción de Dairylac o que supón unha maior necesidade de enerxía.

No ano 2025, a capacidade total dos sistemas fotovoltaicos no centro de transformación láctea e nas instalacións de Palas, Taboada, Sarria, Mosteiro Pol, Friol, Chantada e na fábrica de pensos de Taboada mantivéronse en 723 kWp.

4.3.2. Emisións

O inventario de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) do Grupo para o exercicio 2025 foi elaborado empregando as ferramentas oficiais do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD), como a calculadora_hc_tcm30-485617 2025 e a calculadora_hc_agri_tcm30-485620 2025. Os datos e factores de conversión empregados proceden de documentos e memorias do MITERD e da Oficina Española de Cambio Climático (OECC), garantindo precisión e trazabilidade.

O primeiro ano de realización deste inventario foi o 2023 establecéndose como ano base. As emisións agregadas foron expresadas en toneladas de CO₂ equivalente (t CO₂ eq), seguindo o Potencial de Calentamento Global (PCG) a 100 anos. Para o cálculo das emisións utilizouse a fórmula:

$$\text{Emisións t CO}_2 \text{ eq} = \text{Dato de actividade} \times \text{Factor de emisión} \times \text{PCG}.$$

Os límites do cálculo abarcan o 100% das emisións directas (Alcance 1) e indirectas asociadas ao consumo de enerxía importada (Alcance 2), en liña coa norma UNE EN ISO 14064-1:2019, excluindo as emisións indirectas adicionais (Alcance 3). Este enfoque permite identificar as principais fontes de emisión controladas pola organización.

Os gases de efecto invernadoiro (GEI) considerados na pegada de carbono son aqueles incluídos no Protocolo de Kioto, que son xerados polas actividades que o Grupo desenvolve. Estes inclúen o dióxido de carbono (CO₂), o metano (CH₄) e o óxido nitroso (N₂O), así como os hidrofluorocarbonos (HFCs), que se asocian ás perdas de gases refrixerantes.

		2025	2024
		T CO ₂ eq	T CO ₂ eq
Emisións directas (Alcance 1)	Funcionamento de maquinaria	4.393	4.457
	Instalacións fixas	4.198	4.376
	Transporte por estrada	353	401
	Emisións por cultivos	15	13
Subtotal		8.959	9.247
Emisións indirectas (Alcance 2)	Electricidade edificios	3.149	3.248
	Subtotal	3.149	3.248
Total		12.108	12.495

Cadro 33.- Cálculo da pegada de carbono do Grupo en CO₂ eq.

Durante o exercicio 2025, o Grupo cuantificou un total de 12.108 t CO₂ equivalente, resultantes das emisións directas e indirectas xeradas pola súa actividade. As emisións directas representaron arredor do 74% do total, alcanzando as 8.959 t CO₂ eq, mentres que as emisións indirectas derivadas do consumo de electricidade ascenderon a 3.149 t CO₂ eq. A intensidade das emisións por facturación foi de 55,21 g CO₂ eq/€.

A principal fonte de emisións de GEI durante o exercicio procede das emisións directas, destacando entre estas o funcionamento da maquinaria agrícola do Grupo e as emisións das instalacións fixas como os maiores contribuíntes. No caso das emisións por cultivos, durante 2025 non se rexistraron emisións nesta categoría debido a que a finca permaneceu arrendada ao longo do exercicio. Por outra banda, as emisións indirectas derivadas do consumo de electricidade representaron o 26% do total de emisións, evidenciando a relevancia do consumo enerxético externo na pegada de carbono do Grupo.

A redución rexistrada con respecto ao ano anterior en todas as partidas desagregadas débese principalmente á implantación de medidas de redución e eficiencia, que contribuíron a diminuír de maneira significativa o impacto global da organización.

As emisións bioxénicas do Grupo (incluídas nas emisións directas de instalacións fixas, Alcance 1) proceden das delegacións de Friol e Silleda polo uso de biomasa sólida (pellets) como combustible nas súas instalacións. Neste sentido, cabe destacar que estas emisións son específicas dos gases metano (CH₄) e óxido nítrico (N₂O), propios da combustión de biomasa. En concreto, na delegación de Friol, as emisións totais aumentaron ata alcanzar os 3.110 kg CO₂ eq, debido principalmente a un maior consumo asociado a un uso máis intensivo da caldeira, mentres que na delegación de Silleda as emisións ascenden a 343 kg CO₂ eq, mantendo valores similares ao 2024.

	2025	2024
Emisións bioxénicas	kg CO ₂ eq	kg CO ₂ eq
Delegación Friol	3.110,23	1.998,82
Delegación Silleda	343,68	315,47
Total	3.453,91	2.314,29

Cadro 34.- Emisións bioxénicas do Grupo en kg de CO₂ eq.

Durante o exercicio 2025, a parcela de titularidade propia na que se viña cultivando millo foi cedida en arrendamento a un terceiro. Como consecuencia deste cambio na xestión do terreo, Aira deixou de realizar labores de cultivo directo sobre dita superficie, polo que non se xeraron emisións de Alcance 1 asociadas ao uso de fertilizantes sintéticos nitroxenados durante o período.

Para o cálculo das emisións asociadas ao consumo eléctrico (Alcance 2), aplícase o factor de emisión correspondente á comercializadora coa que se ten contratado o subministración durante o ano de referencia. Estes factores de emisión oficiais, proporcionados para cada comercializadora, están integrados na ferramenta de cálculo desenvolvida polo MITERD, garantindo así unha metodoloxía estandarizada e aliñada cos estándares de referencia.

	2025	2025	2024	2024
	kWh	T CO ₂ eq	kWh	T CO ₂ eq
Carretera de Ramil, Taboada (Lugo)	4.151.515	1.071	3.786.815	1072
C/ Greco Nº2 Sarria (Lugo)	193.770	49	177.183	50
Sobreira - formas, Chantada (Lugo)	415.164	106	441.639	125
A Barrela, Carballedo (Lugo)	55.173	14	49.195	14
Bolaño Mendo, nº1, Becerreá (Lugo)	33.791	9	31.705	9
Finca As Coutadas s/n, Friol (Lugo)	34.191	9	32.990	9
Polígono da Louzaneta s/n, Lugo (Lugo)	13.037	3	13.377	4
Ctra. Curtis-Cabruí, s/n Mesía (A Coruña)	53.710	14	46.787	13
Lg. San Miguel, 1 – Penas Monterroso (Lugo)	11.874	3	8.946	3
Avda de Lugo s/n, Palas de Rei (Lugo)	86.733	22	74.045	21
Vilarmosteiro, O Páramo (Lugo)	8.615	2	8.460	2
Rúa Castelao s/n, Mosteiro – Pol (Lugo)	30.273	8	22.290	6
San Julian de la Vega s/n, Sarria (Lugo)	5.213	4	14.641	4
Ctra. Siador s/n - Siador, Silleda (Pontevedra)	31.229	8	31.161	9
Sede social: Parque empresarial de Taboada s/n (Lugo)	33.234	8	27.621	8
Vilamaior- Barán, Paradela (Lugo)	5.608	1	5.720	2
Outras	74.913	16	51.991	10
Parque Empresarial A Madanela, Melide (A Coruña)	7.026.659	1802	6.867.173	1888
Total	12.264.702	3.149	11.691.739	3.248

Cadro 35.- Emisións indirectas de GEI do Grupo por delegacións en CO2 eq.

Estes datos permiten identificar as áreas clave de mellora e priorizar accións de eficiencia enerxética e transición cara a fontes de enerxía renovables, en liña cos compromisos ambientais asumidos polo Grupo.

No ano 2025, o Grupo continuou avanzando na redución das súas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), consolidando e ampliando medidas orientadas á mellora do desempeño ambiental das súas operacións. Neste contexto, implementáronse actuacións específicas, entre as que destacan:

- A renovación progresiva do parque móbil corporativo, incorporando vehículos híbridos co obxectivo de diminuír as emisións asociadas á mobilidade.
- O reforzo da infraestrutura de recarga eléctrica nas instalacións do Grupo, incluíndo a posta en funcionamento dun novo punto de recarga na delegación de Chantada, promovendo así opcións de desprazamento máis sostibles entre o persoal.
- A continuidade no proceso de substitución de sistemas de iluminación convencional por tecnoloxía LED, contribuíndo á redución do consumo enerxético e das emisións indirectas.
- O avance na optimización das operacións mediante a adopción de novas metodoloxías de traballo e a intensificación da dixitalización dos procesos produtivos, co fin de mellorar a eficiencia no uso de recursos.

- Participación en redes e iniciativas para a acción polo clima, como Empresas por el Clima.

No marco do seu compromiso coa sustentabilidade, e dando continuidade ao traballo iniciado en 2022 no ámbito da medición da pegada de carbono e hídrica en colaboración con AGACA, durante o 2025, 75 explotacións sociais participaron na medición, empregando a ferramenta Cool Farm Tool como referencia metodolóxica. A iniciativa permitirá reforzar o acompañamento técnico e a capacitación das ganderías, favorecendo a adopción de prácticas máis eficientes e sostibles.

En 2025, Aira formalizou a súa adhesión á Alianza 30 en el 30, unha iniciativa sectorial impulsada por cooperativas lácteas españolas para reducir nun 30% a pegada de carbono dos seus produtos de aquí a 2030, considerando os alcances 1, 2 e 3 da cadea de valor. No marco deste compromiso, o Grupo aprobou unha folla de ruta específica que fixa como referencia o ano base 2022, incorpora o cálculo da pegada de carbono sobre unha mostra ampliada de explotacións e define un conxunto de medidas de seguimento, proxectos piloto e incentivos para avanzar de forma progresiva cara ao obxectivo de 2030.

De cara ao exercicio 2026, o Grupo ten previsto avanzar nunha serie de medidas de eficiencia enerxética vinculadas ao seu compromiso coa Alianza 30 al 30 e ao plan de redución de emisións asociado. Entre as accións en fase de avaliación destaca a incorporación de variadores de frecuencia nos principais equipamentos das instalacións, unha solución tecnolóxica que permite adaptar o consumo eléctrico ás necesidades reais de operación en cada momento, evitando o consumo innecesario asociado ao funcionamento a plena potencia de forma continua.

Esta iniciativa forma parte dun enfoque máis amplo de mellora continua en materia de eficiencia enerxética e descarbonización, no que o Grupo traballa para identificar e priorizar aquelas actuacións con maior potencial de redución de emisións e retorno ambiental, en coherencia cos obxectivos de sostibilidade asumidos a medio e longo prazo.

4.4. Protección da biodiversidade

As actividades do Grupo, así como a súa implantación territorial, están estreitamente vinculadas á preservación dos ecosistemas e da biodiversidade. Neste contexto, a conservación dos recursos naturais e a colaboración co sector primario constitúen piares esenciais da súa estratexia ambiental, tanto polo seu impacto directo na acción climática como pola súa contribución ao futuro do campo galego.

O benestar animal é un aspecto material de especial relevancia para a organización. A certificación de Benestar Animal Welfair, baseada nos estándares europeos Welfare Quality e AWIN®, obtida por Aira S. Coop. Galega e por 153 ganderías sociais (catro máis ca no exercicio anterior) acredita o cumprimento de criterios esixentes en relación coas condicións de crianza, co manexo dos animais e coas prácticas de produción responsables.

O redor do 87% da produción de leite procedente das ganderías sociais conta con certificación en benestar animal. Neste resultado teñen un papel destacado os servizos

especializados que ofrece Aira S. Coop. Galega, xa que facilitan ás ganderías locais e familiares o acceso a procesos de certificación e a sistemas de mellora continua orientados ao cumprimento de estándares ambientais e de benestar máis avanzados.

Ademais, o Grupo conta con delegacións, centros de produción e almacéns situados en áreas de elevado valor ecolóxico, como as Reservas da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, e Terras do Miño. Esta presenza territorial reforza a necesidade de compatibilizar a actividade económica coa conservación da biodiversidade e co respecto aos valores naturais destes espazos, procurando unha convivencia positiva co medio que favoreza un desenvolvemento sostible da contorna.

Reservas da Biosfera
Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel
Sede social: Parque empresarial de Taboada s/n (Lugo)
Carretera de Ramil, Taboada (Lugo)
Sobreira - formas, Chantada (Lugo)
A Barrela, Carballedo (Lugo)
San Julian de la Vega s/n, Sarria (Lugo)
C/ Greco Nº2 Sarria (Lugo)
Vilamaior- Barán, Paradela (Lugo)
Portomarín (Lugo)
Centro de recría O incio (Lugo)
Terras do Miño:
Finca As Coutadas s/n, Friol (Lugo)
Polígono da Louzaneta s/n, Lugo (Lugo)
Vilarmosteiro, O Páramo (Lugo)
Rúa Castelao s/n, Mosteiro – Pol (Lugo)

Cadro 36.- Delegacións situadas en Reservas da Biosfera

Durante o ano 2025, Aira tramitou máis de 900 solicitudes de adhesión, principalmente para ganderías socias, aos eco-réximes de Illas de biodiversidade, Diversidade de cultivos e Pastoreo extensivo, recollidos no artigo 31 do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021. En concreto, xestionáronse 402 solicitudes no eco-réxime de Illas de biodiversidade, 212 no de Diversidade de cultivos e 320 no de Pastoreo extensivo. Trátase de prácticas voluntarias e sostibles que van máis alá das obrigas mínimas e que contribúen a mellorar a estrutura do solo, incrementar o seu contido en carbono, reducir a erosión e a desertificación, diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro e favorecer a biodiversidade asociada aos espazos agrarios, así como a preservación da paisaxe e dos recursos naturais.

O eco-réxime de Illas de biodiversidade consiste na creación ou mantemento de elementos naturais ou seminaturais dentro das parcelas agrícolas co obxectivo de fomentar a presenza de fauna e flora beneficiosas. Estes elementos actúan como refuxios e corredores ecolóxicos, contribuíndo á mellora da biodiversidade no medio agrario e ao equilibrio dos agroecosistemas.

Pola súa banda, o eco-réxime de Diversidade de cultivos está orientado ás explotacións agrícolas que realizan rotacións ou combinacións de diferentes cultivos, como medida para reforzar a sustentabilidade da produción e a saúde dos solos. Esta práctica favorece a fertilidade, mellora a resiliencia ambiental das parcelas e contribúe a unha xestión máis eficiente e responsable dos recursos agrarios.

No caso do eco-réxime de Pastoreo extensivo, este baséase no aproveitamento racional dos recursos forraxeiros mediante o pastoreo directo do gando, adaptando as cargas gandeiras á capacidade produtiva das superficies. Esta práctica contribúe á conservación dos pastos, á mellora da estrutura e fertilidade do solo e á prevención de incendios mediante a redución da biomasa vexetal. Ademais, favorece o benestar animal e promove sistemas produtivos máis equilibrados, resilientes e integrados co medio natural.

5. BO GOBERNO

O bo goberno constitúe un dos piares sobre os que Aira sustenta a súa actividade e a súa relación co conxunto dos grupos de interese. Neste ámbito, a organización identifica como cuestións prioritarias o cumprimento normativo, a transparencia, a xestión responsable e trazable da cadea de subministración e o mantemento dun diálogo fluído coas persoas socias, traballadoras, clientela, provedores e demais partes vinculadas á actividade. Estes elementos contribúen a reforzar a confianza, consolidar unha cultura ética e asegurar unha xestión coherente cos principios cooperativos e co compromiso da entidade cun desenvolvemento sostible e responsable.

Pola natureza da súa actividade e pola implantación territorial do Grupo, o enfoque de Aira en materia de dereitos humanos céntrase de maneira especial na protección das persoas traballadoras e das persoas socias. A actuación da cooperativa aliñase cos principios recollidos na Carta Internacional dos Dereitos Humanos das Nacións Unidas, cos 10 Principios do Pacto Mundial da ONU e cos dereitos fundamentais no traballo definidos pola Organización Internacional do Traballo (OIT), en liña coas esixencias xerais de reporte non financeiro en materia social, laboral e de respecto aos dereitos humanos.

Neste marco, Aira promove un contorno baseado na igualdade de oportunidades e na non discriminación, no respecto ás condicións laborais xustas, dignas, seguras e saudables, e na garantía de dereitos como a liberdade de asociación, a negociación colectiva, a liberdade de expresión, a privacidade, o descanso e o acceso á formación. Do mesmo xeito, a cooperativa manifesta unha tolerancia cero fronte a calquera forma de traballo forzoso, obrigatorio ou infantil, e incorpora mecanismos de control orientados a favorecer que estes principios sexan tamén respectados ao longo da cadea de subministración. A análise realizada durante o exercicio non identificou riscos significativos nin impactos adversos relevantes en materia de dereitos humanos nas distintas liñas de negocio.

As políticas, procedementos e documentos de referencia inclúen elementos voluntarios e de cumprimento coa lexislación vixente:

- Estatutos Sociais de Aira S. Coop. Galega
- Convenios colectivos propios (Aira S. Coop. Galega) e de aplicación (Dairyloc).
- Plan de igualdade de Aira S. Coop. Galega
- Protocolo de prevención de acoso de Aira S. Coop. Galega e Dairyloc.
- Plan de protección de datos.
- Informes internos de seguimento: informes sobre igualdade e condición laborais, etc.
- Regulamento de funcionamento do Consello reitor.
- Código ético.
- Política de compliance.
- Cláusulas de compliance penal y anticorrupción socios de negocio.
- Análise de materialidade.
- Política de obsequios regalos invitaciones y hospitalidades
- Plan de formación a los miembros del Consejo Rector
- Reglamento de funconamiento del Consejo Rector
- Matriz de competencias del Consejo Rector

Os procesos de dilixencia debida destinados a previr, mitigar, xestionar e, de ser o caso, reparar impactos potenciais continúan avanzando na súa formalización dentro do sistema de compliance da organización:

- Modelo de bo goberno de Aira, recollido a continuación, destacando o papel da Asemblea Xeral, os procesos de negociación colectiva e os diferentes comités.
- Canles anónimas de denuncia, como a canle de denuncias pública.

5.1. Órganos de goberno

O sistema de gobernanza do Grupo Aira aséntase nos principios propios da identidade cooperativa, entre os que destacan a adhesión voluntaria e aberta, a xestión democrática, a participación das persoas socias e a autonomía e independencia da organización independente ([Identidad cooperativa: nuestros principios y valores | ICA](#)). Estes principios orientan a estrutura de toma de decisións e a relación entre os órganos sociais, asegurando un modelo de goberno coherente coa natureza cooperativa da entidade.

O principal órgano de goberno, xestión e representación de Aira S. Coop. Galega é o Consello Reitor, ao que lle corresponde exercer estas funcións de acordo coa lexislación aplicable, cos Estatutos sociais e coas directrices xerais aprobadas pola Asemblea Xeral. Neste marco, o Consello Reitor impulsa e supervisa a execución dos plans e políticas da cooperativa e delega a xestión operativa ordinaria no Director Xeral e no equipo de xerencia.

Entre as modificacións introducidas nos Estatutos en 2024 destaca a incorporación dunha cláusula orientada a promover unha composición equilibrada de mulleres e homes no Consello Reitor. En coherencia con este avance, no mes de xullo de 2025 levouse a cabo a renovación íntegra deste órgano, que a 31 de decembro contaba con 14 membros en exercicio.

A diversidade no Consello Reitor constitúe un aspecto estratéxico para Aira, que mantén como obxectivo incrementar a presenza de mulleres e de persoas socias menores de 45 anos. Durante o exercicio 2025 reforzouse este compromiso coa incorporación de cinco mulleres ao órgano de goberno, avanzando así cara a unha representación máis equilibrada.

De maneira complementaria, tamén se promove unha adecuada representación territorial, criterio formalmente recollido nos Estatutos desde 2024, xunto coa vontade de integrar perfís cun coñecemento sólido do sector agrogandeiro e da actividade desenvolvida por Aira.

Os criterios de selección das persoas que forman parte do Consello Reitor baséanse principalmente na súa experiencia e coñecemento do sector agrogandeiro. No caso das persoas conselleiras socias, trátase de gandeiras e gandeiros vinculados a explotacións familiares, cun coñecemento directo da realidade produtiva, da xestión das explotacións e das necesidades técnicas e económicas da actividade.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO REITOR		
Datos a peche do ano 2025	Homes	Mulleres
Representación dos grupos de interese		
Persoas socias*	9	5
Persoas traballadoras	-	-
Perfil		
Independentes	-	-
Executivos	-	-
Non executivos	9	5
Antigüidade no Consello Reitor		
< 1 ano	9	5
Entre 1 e 5 anos	-	-
> 5 anos	-	-
Outros cargos ostentados por persoas pertencentes ao Consello Reitor**		
• 14 directivos/socios/responsables de ganderías familiares		
• 1 vicepresidenta de Agaca		
• 1 presidente del Ligal		

Cadro 37.- Composición do Consello Reitor da sociedade dominante, Aira S. Coop. Galega

Un dos fitos máis salientables do exercicio 2025 foi o impulso á capacitación técnica das persoas integrantes do Consello Reitor. Neste contexto, definiuse e puxo en marcha un Plan de Formación específico, estruturado en tres módulos clave: Dereito da Competencia, Bo Goberno Corporativo e Compliance. Este esforzo formativo contribúe a reforzar a calidade da toma de decisións, garantindo a súa adecuación aos máis altos estándares de seguridade xurídica e integridade ética.

No ámbito do fortalecemento do bo goberno, Aira continuou promovendo iniciativas orientadas á profesionalización e á mellora das capacidades do órgano de administración. Neste sentido, desenvolvéronse accións dirixidas ao reforzo do bo goberno e á formación continua das persoas integrantes do Consello Reitor, favorecendo unha toma de decisións máis informada e aliñada cos retos estratéxicos da organización.

A supervisión dos impactos económicos, sociais e ambientais, así como o cumprimento da normativa aplicable e dos Estatutos sociais, forman parte das responsabilidades do Consello Reitor. As persoas que o integran deben actuar coa dilixencia esixible ao cargo, de acordo co marco de gobernanza da cooperativa. Para o exercicio destas funcións, o Consello Reitor reúnese, cando menos, con periodicidade mensual, co obxectivo de abordar os asuntos estratéxicos máis relevantes, revisar políticas e plans operativos, e facer seguimento da eficacia dos procesos implantados na organización.

A xestión operativa destes impactos está delegada na Dirección Xeral, que informa periodicamente ao Consello Reitor no marco das sesións ordinarias mensuais e, cando é necesario, tamén en reunións extraordinarias. Ademais, existen canles de comunicación específicas para trasladar incidencias ou cuestións críticas de forma áxil. Durante o exercicio 2025 non se identificaron incidencias relevantes neste ámbito. Pola súa banda,

o Consello Reitor rende contas ante a Asemblea Xeral Ordinaria, espazo no que as persoas socias, como grupo de interese clave da cooperativa, exercen os seus dereitos de información, participación e voto, en coherencia cos principios do modelo cooperativo.

De maneira complementaria a esta renovación, en xuño de 2025 aprobouse o novo Regulamento de Funcionamento do Consello Reitor, que supón unha actualización da operativa interna da organización. Entre as principais novidades, destaca a existencia de maiorías reforzadas (a metade máis un do total de membros) para a adopción de acordos en materias estratéxicas, como a creación de alianzas, a adquisición de negocios ou a solicitude de axudas públicas de especial relevancia.

Os cargos do Consello Reitor non teñen carácter remunerado, sen prexuízo das compensacións asociadas á asistencia ás reunións e ao reintegro dos gastos de desprazamento. No exercicio 2025, o importe total correspondente a estes conceptos ascendeu a 60.114,22€.

2025		
	Homes	Mulleres
Retribución media por asistencia a reunións	54.614 €	5.500 €

Cadro 38.- Retribución media por membro do Consello Reitor

A Asemblea Xeral de Aira constitúe o órgano supremo de expresión da vontade das persoas socias, en liña coa tradición democrática do modelo cooperativo. Neste espazo, réunese un grupo de interese clave da organización: as persoas socias, que son ao mesmo tempo propietarias, clientes e provedoras de Aira e forman parte da comunidade de impacto da entidade. A participación é activa e directa na toma de decisións estratéxicas e na selección dos membros do Consello Reitor.

O sistema de voto da Asemblea Xeral baséase no principio «unha persoa, un voto». No entanto, a normativa e os Estatutos permiten a existencia de voto plural ponderado en función do volume de facturación por compras e vendas coa cooperativa. Neste modelo, cada persoa socia pode exercer ata un máximo de 2 votos plurais, sempre que eses votos non superen o 25% do total de votos sociais da cooperativa, garantindo así un equilibrio entre a representación baseada na adhesión democrática e a participación en función da actividade cooperativizada.

Entre as competencias da Asemblea Xeral atópanse a aprobación do plan empresarial, o exame da xestión social, a aprobación das contas anuais a proposta do Consello Reitor e a designación dos membros do Consello Reitor por maioría simple. Os cargos do Consello Reitor elíxense por un período de catro anos, cun sistema de renovación parcial por metades cada dous anos, o que permite manter a estabilidade do órgano de goberno e a continuidade do proxecto cooperativo.

En resumo, a Asemblea Xeral é o espazo no que se concretan a participación, a responsabilidade e o poder de decisión das persoas socias, asegurando que a dirección

da cooperativa se manteña fiel aos seus intereses, aos seus principios e á súa comunidade.

O Grupo Aira dispón de catro órganos asesores e de representación especializados en temática de especialmente relevancia para a organización. Estes comités complementan o modelo de gobernanza, favorecendo a participación, a información e a coordinación entre as distintas partes implicadas:

- Comité de Empresa, elixido polas persoas traballadoras cada 4 anos.
- Comité de Saúde e Seguridade, elixido polo Comité de empresa e o equipo directivo.
- Comité de Igualdade, elixido polo Comité de empresa e o equipo directivo.
- Comité de Análises de Puntos Críticos (APCC), en Dairy-lac, elixido polo equipo directivo, e que agrupa os anteriores Comités de Seguridade Alimentaria e Xestión de Crises.



Figura 4.- Estrutura de goberno de Aira.

5.2. Cumprimento normativo. Conflitos de interese e loita contra a corrupción

Aira mantén un compromiso firme co cumprimento normativo, a integridade na toma de decisións e a prevención de calquera conduta contraria á legalidade ou aos principios éticos da organización. Este compromiso apóiase nun sistema de gobernanza e control interno que se foi reforzando durante o exercicio 2025 mediante a aprobación e implantación de instrumentos específicos, entre os que destacan o Código ético, a Política de compliance e as cláusulas de compliance penal e anticorrupción aplicables aos socios de negocio.

No ámbito dos conflitos de interese, o seu tratamento está regulado tanto pola Lei 5/1998, de Cooperativas de Galicia, como polos Estatutos da cooperativa, que prevén a

intervención da Asemblea Xeral nos supostos que así o requiran e a abstención das persoas socias nas votacións en que poida concorrer un interese contraposto. Ademais, as persoas integrantes do Consello Reitor deben actuar en defensa do interese da cooperativa e comunicar aquelas situacións, cargos ou vinculacións que puidesen xerar un conflito real, potencial ou aparente, incluídas as derivadas da súa relación con provedores, outras entidades ou órganos de dirección externos.

O Código ético de Aira establece como principio básico que todas as persoas vinculadas á organización deben actuar con honradez, integridade e lealdade, evitando que intereses persoais ou de persoas relacionadas interfiran co cumprimento das súas obrigas profesionais ou co interese social da cooperativa. Así mesmo, recolle a prohibición expresa de ofrecer, prometer, conceder, solicitar ou aceptar subornos, pagamentos de facilitación, agasallos indebidos ou calquera outra vantaxe impropia, tanto no ámbito das relacións privadas como nas relacións con administracións públicas ou terceiros.

A Política de compliance, aprobada polo Consello Reitor en setembro de 2025, reforza este marco ao establecer unha política de tolerancia cero fronte a calquera incumprimento normativo e ao definir os principios básicos para previr, detectar e xestionar riscos de compliance en todas as actividades da cooperativa. Esta política é aplicable ao órgano de goberno, á dirección, ao persoal e ás terceiras partes vinculadas, e prevé ademais a integración dos provedores e subcontratistas no sistema de compliance da organización.

No que respecta ás relacións con terceiros, Aira incorporou cláusulas específicas de cumprimento penal e anticorrupción para os seus socios de negocio. Estas cláusulas inclúen, entre outras obrigas, a adhesión á Política de compliance, a prohibición de suborno e regalos indebidos, a obriga de informar sobre indicios de infracción a través da canle do informante, o deber de conservar evidencias e rexistros que garantan a trazabilidade das operacións, así como a posibilidade de auditoría e a adopción de medidas correctoras ou a resolución da relación contractual en caso de incumprimento.

Como elemento esencial do sistema, Aira dispón dun Sistema Interno de Información ou Canle do informante, accesible tamén para terceiras partes, que permite comunicar de forma confidencial e anónima posibles incumprimentos, irregularidades ou sospeitas fundadas. O Código ético e a Política de compliance recollen expresamente as garantías de confidencialidade, imparcialidade, protección fronte a represalias e investigación das comunicacións recibidas de boa fe.

As normas de disciplina social previstas nos Estatutos da cooperativa, xunto co réxime disciplinario interno, constitúen unha primeira salvagarda fronte a condutas fraudulentas, corruptas ou contrarias aos valores da entidade. Este marco complétase coas medidas disciplinarias e coas posibles responsabilidades laborais, civís ou penais que poidan derivarse dun incumprimento, tanto para persoas internas como para terceiras partes obrigadas pola normativa interna da organización.

Pola natureza das actividades desenvolvidas polo Grupo e polos mecanismos de gobernanza, supervisión e control financeiro implantados, Aira considera que a súa exposición aos riscos asociados á corrupción, ao fraude e ao branqueo de capitais é limitada. En todo caso, a organización mantén unha aproximación preventiva baseada na

avaliación de riscos, na formalización documental, na trazabilidade das operacións e na mellora continua do sistema de compliance.

No exercicio 2025 non se rexistraron litixios relevantes vinculados a incumprimentos normativos, nin tampouco incidentes, investigacións ou procedementos xudiciais relacionados coa corrupción ou co fraude. Do mesmo xeito, as reclamacións de carácter menor, non tiveron unha relevancia material nin xeraron impactos significativos para a organización nin para os seus grupos de interese.

6. ANEXOS

6.1. Índice de contidos requiridos pola Lei 11/2018

Contido requirido pola Lei 11/2018	Marco de reporting	Ubicación no Informe	Comentarios
INFORMACIÓN XERAL			
Descrición do modelo de negocio do grupo (entorno empresarial, organización e estrutura)	GRI 2-1 (2021) GRI 2-6 (2021)	2.1 Información xeral 2.2 Fitos de 2025 2.4 Obxectivos e estratexia	Sede central: Parque empresarial, s/n 27550 Taboada, Lugo (España)
Mercados nos que opera	GRI 2-1 d (2021)	2.2 Fitos de 2025	
Obxectivos e estratexias	GRI 2-22 (2021)	2.4 Obxectivos e estratexia	Pódese consultar a Carta del Director (Páxina 3 e 4)
Principais factores e tendencias que podan afectar a súa futura evolución	GRI 3-3 (2021) GRI 2-22 (2021)	2.3 Contexto actual e principais tendencias	Carta del Director (Páxina 3 e 4)
Descrición e resultados das políticas relativas a estas cuestións e os principais riscos relacionados con estas cuestións vinculadas ás actividades do grupo	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 2.6 Asuntos materiais	Información adicional recollida en "Enfoque de xestión: descrición de políticas, resultados e riscos" de cada cuestión
Marco de reporting	GRI 1 (2021)	1 Acerca deste informe	
Principio de materialidade	GRI 3-1 (2021) GRI 3-2 (2021)	1 Acerca deste informe 2.6 Asuntos materiais	
CUESTIÓN MEDIOAMBIENTAIS			
Enfoque de xestión: descrición de políticas, resultados e riscos	GRI 3-3 (2021)	4 Planeta	
Información detallada sobre os efectos actuais e previsibles das actividades da empresa no medio ambiente e, de ser o caso, na saúde e na seguridade.	GRI 3-3 (2021) GRI 2-23 (2021)	2.2 Fitos de 2025 2.4 Obxectivos e estratexia 4 Planeta	
Procedementos de avaliación ou certificación ambiental	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 4.4 Protección da biodiversidade	
Recursos dedicados á prevención de riscos ambientais	GRI 3-3 (2021)	2.2 Fitos de 2025 2.4 Obxectivos e estratexia 4 Planeta	
Aplicación do principio de precaución, cantidade de provisións e garantías para riscos ambientais	GRI 3-3 (2021)	4 Planeta	
Contaminación			
Medidas para previr, reducir ou reparar as emisións de carbono que afectan gravemente o medio ambiente; tendo en conta calquera forma de contaminación atmosférica específica dunha actividade, incluído o ruído e a contaminación luminosa.	GRI 3-3 (2021) GRI 305-7 (2016)	2.2 Fitos de 2025 4 Planeta 4.1.2 Residuos 4.3.2 Emisións	

Contido requerido pola Lei 11/2018	Marco de reporting	Ubicación no Informe	Comentarios
Economía circular			
Medidas de prevención e xestión de residuos: reciclaxe, reutilización, outras formas de recuperación e eliminación de refugallo	GRI 3-3 (2021) GRI 306-2 (2020) GRI 306-3 (2020) GRI 306-4 (2020) GRI 306-5 (2020)	4.1 Economía circular: materiais e residuos 4.1.1 Materias primas 4.1.2 Residuos	
Accións para combater o desperdicio de alimentos	GRI 3-3 (2021)	4.1 Economía circular: materiais e residuos 4.1.1 Materias primas 4.1.2 Residuos	
Uso sostible dos recursos			
Consumo de auga e o subministroación de auga de acordo coas limitacións locais	GRI 303-1 (2018) GRI 303-5 (2018)	4.2 Auga	
Consumo de materias primas e as medidas adoptadas para mellorar a eficiencia do seu uso	GRI 301-1 (2016)	4.1.1 Materias primas	
Consumo, directo e indirecto, de enerxía, medidas tomadas para mellorar a eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables	GRI 302-1 (2016) GRI 302-3 (2016)	2.2 Fitos de 2025 4.3.1 Enerxía 4.3.2 Emisións	
Cambio climático			
Emisións de gases de efecto invernadoiro xerados como resultado das actividades da empresa, incluíndo o uso dos bens e servizos	GRI 3-3 (2021) GRI 305-1 (2016) GRI 305-2 (2016) GRI 305-4 (2016)	4 Planeta 4.3 Contaminación e cambio climático 4.3.2 Emisións	
Medidas adoptadas para adaptarse ás consecuencias do cambio climático e obxectivos de redución establecidos voluntariamente a medio e longo prazo para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e os medios implementados para tal fin	GRI 3-3 (2021)	2.2 Fitos de 2025 4.3.2 Emisións	
Protección da biodiversidade			
Medidas tomadas para preservar ou restaurar a biodiversidade e impactos causados en áreas protexidas	GRI 3-3 (2021)	4.4 Protección da biodiversidade	
CUESTIÓN SOCIAIS E RELATIVAS AO PERSOAL			
Enfoque de xestión: descrición de políticas, resultados e riscos	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 3 Persoas	

Contido requerido pola Lei 11/2018	Marco de reporting	Ubicación no Informe	Comentarios
Emprego			
Distribución do persoal: Número total e distribución de empregados por sexo, idade, país e clasificación profesional; número total e distribución de modalidades de contrato de traballo, promedio anual de contratos indefinidos, de contratos temporais e de contratos a tempo parcial por sexo, idade e clasificación profesional; número de despedimentos por sexo, idade e clasificación profesional	GRI 2-7 (2021) GRI 401-1 (2016) GRI 401-3 (2016) GRI 402-1 (2016)	3.1 O equipo	
Remuneracións medias e a súa evolución desagregadas por sexo, idade e clasificación profesional ou igual valor, fenda salarial, a remuneración de postos de traballo iguais ou da media da sociedade, a remuneración media dos conselleiros e directivos, incluíndo a retribución variable, dietas, indemnizacións, o pagamento aos sistemas de previsión de aforro a longo prazo e calquera outra percepción desagregada por sexo	GRI 3-3 (2021) GRI 405-2 (2016)	3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial 5.1 Órganos de goberno	
Implantación de políticas de desconexión laboral	GRI 3-3 (2021)	3.1.1 Emprego e organización do traballo	
Número de persoas empregadas con discapacidade	GRI 405-1 (2016)	3.1.6 Inclusión e accesibilidade	
Organización do traballo			
Organización do tempo de traballo	GRI 3-3 (2021)	3.1.1 Emprego e organización do tempo de traballo	
Número de horas de absentismo	GRI 403-9 (2018)	3.1.1 Emprego e organización do tempo de traballo	
Medidas destinadas a facilitar o desfrute da conciliación e fomentar o exercicio corresponsable destas por parte de ambos proxenitores	GRI 401-3 (2016)	3.1.1 Emprego e organización do tempo de traballo 3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial	
Saúde e seguridade			
Condicións de saúde e seguridade no traballo	GRI 3-3 (2021) GRI 403-1 (2018) GRI 403-2 (2018) GRI 403-3 (2018) GRI 403-4 (2018) GRI 403-5 (2018) GRI 403-8 (2018)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral	
Accidentes de traballo, en particular a súa frecuencia e gravidade, así como as enfermidades profesionais; desagregado por sexo.	GRI 403-9 (2018) GRI 403-10 (2018)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral	

Contido requerido pola Lei 11/2018	Marco de reporting	Ubicación no Informe	Comentarios
Relacións sociais			
Organización do diálogo social, incluídos procedementos para informar e consultar o persoal e negociar con el	GRI 3-3 (2021)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral 3.1.4 Relacións e diálogo sociais 5 Bo goberno	
Porcentaxe de empregados cubertos por convenio colectivo por país	GRI 2-30 (2021)	3.1.4 Relacións e diálogo sociais	
O balance dos convenios colectivos, particularmente no ámbito da saúde e da seguridade no traballo.	GRI 3-3 (2021) GRI 403-4 (2018)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral 3.1.4 Relacións e diálogo sociais	
Formación			
Políticas implementadas no ámbito da formación	GRI 3-3 (2021) GRI 404-2 (2016)	3.1.5 Formación e desenvolvemento profesional	
Cantidade total de horas de formación por categorías profesionais.	GRI 404-1 (2016)	3.1.5 Formación e desenvolvemento profesional	
Accesibilidade universal			
Accesibilidade universal das persoas con discapacidade.	GRI 3-3 (2021)	3.1.6 Inclusión e accesibilidade	
Igualdade			
Medidas adoptadas para promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes	GRI 3-3 (2021)	3 Persoas 3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial	
Plans de igualdade medidas adoptadas para promover o emprego, protocolos contra o acoso sexual e por razón de sexo, a integración e a accesibilidade universal das persoas con discapacidade	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 3 Persoas 3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial 5 Bo goberno	
Política contra todo tipo de discriminación e, se é o caso, de xestión da diversidade	GRI 3-3 (2021)	3 Persoas 3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial 3.1.6 Inclusión e accesibilidade 5 Bo goberno	
DEREITOS HUMANOS			
Enfoque de xestión: descrición de políticas, resultados e riscos	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 3.3 Os provedores 5 Bo goberno	
Aplicación de procedementos de dilixencia debida en materia de dereitos humanos. Prevención dos riscos de vulneración dos dereitos humanos e medidas para mitigar, xestionar e reparar posibles abusos cometidos	GRI 2-23 (2021) GRI 2-24 (2021) i, ii GRI 2-25 (2021) GRI 2-26 (2021)	2.1 Información xeral 5 Bo goberno 3.1 O equipo 3.3 Os provedores 3.4 Os clientes e as persoas consumidoras	
Denuncias por casos de vulneración de dereitos humanos	GRI 2-16 (2021) GRI 3-3 (2021) GRI 406-1 (2021)	2.1 Información xeral 3.1.6 Inclusión e accesibilidade 5 Bo goberno	

Contido requerido pola Lei 11/2018	Marco de reporting	Ubicación no Informe	Comentarios
Promoción e cumprimento das disposicións dos convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo relacionadas co respecto pola liberdade de asociación e o dereito á negociación colectiva, eliminación da discriminación no emprego e na ocupación, eliminación do traballo forzoso ou obrigatorio, abolición efectiva do traballo infantil.	GRI 3-3 (2021) GRI 407-1 (2021) GRI 408-1 (2021) GRI 409-1 (2021)	3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial 3.1.4 Relacións e diálogo sociais 3.1.6 Inclusión e accesibilidade 3.3 Os provedores 5 Bo goberno	
LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN E O SOBORNO			
Enfoque de xestión: descrición de políticas, resultados e riscos	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 5 Bo goberno	
Medidas adoptadas para previr a corrupción e o soborno	GRI 2-23 (2021) GRI 2-24 (2021) i, ii GRI 2-26 (2021) GRI 3-3 (2021) GRI 205-1 (2016) GRI 205-3 (2016)	2.1 Información xeral 5 Bo goberno	
Medidas para loitar contrao blanqueo de capitais	GRI 2-23 (2021) GRI 2-24 (2021) i, ii GRI 2-26 (2021) GRI 3-3 (2021) GRI 205-1 (2016) GRI 205-3 (2016)	2.1 Información xeral 5 Bo goberno	
Aportacións a fundacións e entidades sen ánimo de lucro	GRI 2-28 (2021) GRI 201-1 a ii (inversións na comunidade) (2016) GRI 415-1 (2016)	2.1 Información xeral 3.2 A comunidade	
A SOCIEDADE			
Enfoque de xestión: descrición de políticas, resultados e riscos	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 3. Persoas 4 Planeta 5 Bo goberno	
Compromisos da empresa co desenvolvemento sostible			
Impacto da actividade da sociedade no emprego e no desenvolvemento local	GRI 3-3 (2021) GRI 203-2 (2016)	2.5 Grupos de interese 3. Persoas	
Impacto da actividade da sociedade nas poboacións locais e no territorio	GRI 3-3 (2021)	2.5 Grupos de interese 3. Persoas	
Relacións mantidas cos actores das comunidades locais e as modalidades do diálogo con estes	GRI 2-29 (2021)	2.5 Grupos de interese 3.2 A comunidade	
Accións de asociación ou patrocinio	GRI 2-28 (2021) GRI 201-1 a ii (inversións na comunidade) (2016)	2.1 Información xeral 3.2 A comunidade	

Contido requerido pola Lei 11/2018	Marco de reporting	Ubicación no Informe	Comentarios
Subcontratación e provedores			
Inclusión na política de compras de cuestións sociais, de igualdade de xénero e ambientais	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 3.3 Os provedores	
Consideración nas relacións con provedores e subcontratistas da súa responsabilidade social e ambiental	GRI 2-6 (2021) GRI 13.23.1 (2022) GRI 308-2 c (2016) GRI 414-2 c (2016)	2.1 Información xeral 3.3 Os provedores	
Sistemas de supervisión e auditorías e resultados das mesmas	GRI 3-3 (2021)	2.1 Información xeral 3.3 Os provedores	
Consumidores			
Medidas para a saúde e a seguridade dos consumidores	GRI 3-3 (2021) GRI 416-1 (2016)	2.1 Información xeral 3.4 Os clientes e as persoas consumidoras	
Sistemas de reclamación, queixas recibidas e resolución das mesmas	GRI 416-2 (2016) GRI 417-2 (2016) GRI 418-1 (2016)	2.1 Información xeral 3.4 Os clientes e as persoas consumidoras	
Información fiscal			
Beneficios obtidos país por país	GRI 207-4 b vi (beneficios antes de impostos)(2019)	2.2 Fitos de 2025	
Impostos sobre beneficios pagados	GRI 207-4 ix (impuestos sobre o beneficio) (2019)	2.2 Fitos de 2025	
Subvencións públicas recibidas	GRI 201-4 (2016)	2.2 Fitos de 2025	

6.2. Índice de contidos GRI

Declaración de uso	Aira presentou a información citada neste índice de contidos GRI para o período comprendido entre o 01/01/2025 e o 31/12/2025 empregando como referencia os Estándares GRI
GRI 1 empregado	GRI 1: Fundamentos 2021
Estándares Sectoriais GRI aplicables	GRI 13: Sectores Agricultura, Acuicultura e Pesca 2022

Estándar GRI	Contidos	Ubicación no Informe
GRI 2: Contidos xerais 2021		
	2-1 Detalles organizacionais	1 Acerca deste informe 2.1 Información xeral 2.3 Fitos de 2023 Sede central: Parque empresarial, s/n 27550 Taboada, Lugo (España)
	2-2 Entidades incluídas na presentación de informes de sostibilidade	1 Acerca deste informe
	2-3 Período obxecto do informe, frecuencia e punto de contacto (a,b,d)	1 Acerca deste informe Datos de contacto: Departamento Financeiro info@aira.es 982 465 820 Parque Empresarial, s/n 27550 Taboada, Lugo (España)
	2-5 Verificación externa	1. Acerca deste informe
	2-6 Actividades, cadea de valor e outras relacións comerciais	2.1 Información xeral 2.3 Fitos de 2023 2.4 Obxectivos e estratexia 2.5 Grupos de interese 3.3 Os provedores
	2-7 Empregados	3 Persoas
	2-8 Traballadores que non son empregados	O Grupo conta con traballadores que non son empregados en casuísticas concretas. A 31/12/2024, o Grupo contaba con 16 persoas autónomas traballadoras para labores de transporte de penso, 8 persoas autónomas traballadoras para labores de transporte de leite e 2 de carne. Tamén contaba con 17 persoas autónomas traballadoras para labores de veterinaria.
	2-9 Estrutura de gobernanza e composición	5.1 Órganos de goberno 3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial 3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	2-10 Designación e selección do máximo órgano de goberno	5.1 Órganos de goberno
	2-11 Presidente do máximo órgano do goberno	O Presidente da cooperativa non é un executivo de Aira
	2-12 Función do máximo órgano de goberno na supervisión da xestión dos impactos	2.1 Información xeral 5.1 Órganos de goberno
	2-13 Delegación da responsabilidade de xestión dos impactos	5.1 Órganos de goberno
	2-15 Conflitos de interese	5.2 Cumprimento normativo. Conflitos de interese e loita contra a corrupción
	2-16 Comunicación de inquietudes críticas	2.1 Información xeral 5.1 Órganos de goberno
	2-19 Políticas de remuneración	5.1 Órganos de goberno

Estándar GRI	Contidos	Ubicación no Informe
	2-22 Declaración sobre a estratexia de desenvolvemento sostible	Pódese consultar a Memoria de Sostenibilidade 2024 Aira: Carta del Director (Páxina 6)
	2-23 Compromisos e políticas	2.1 Información xeral 2.4 Obxectivos e estratexia 3. Persoas 4. Planeta 5. Bo goberno
	2-24 Incorporación dos compromisos e políticas	2.1 Información xeral 3. Persoas 4. Planeta 5. Bo goberno
	2-25 Procesos para remediar os impactos negativos	2.1 Información xeral 2.5 Grupos de interese 3. Persoas 5. Bo goberno
	2-26 Mecanismos para solicitar asesoramento e formular inquietudes	2.1 Información xeral 2.5 Grupos de interese 3.1.4 Relacións e diálogo sociais 3.2 A comunidades 3.3 Os provedores 3.4 Os clientes e as persoas consumidoras
	2-27 Cumprimento da lexislación e as normativas	5.2 Cumprimento normativo. Conflitos de interese e loita contra a corrupción
	2-28 Afiliación a asociacións	2.1 Información xeral
	2-29 Enfoque para a participación dos grupos de interese	2.5 Grupos de interese
	2-30 Convenios de negociación colectiva	3.1.4 Relacións e diálogo sociais
GRI 3: Temas materiais 2021		
	3-1 Proceso de determinación dos temas materiais	2.6 Asuntos materiais
	3-2 Lista de tema materiais	2.6 Asuntos materiais
	3-3 Xestión dos temas materiais (a, b,c,d)	2.6 Asuntos materiais 3. Persoas 4. Planeta 5. Bo goberno O enfoque de xestión de cada tema material recóllese en cada apartado correspondente
GRI 13: Sectores Agricultura, Acuicultura e Pesca 2022		
	13-11-2 Presentar información sobre a porcentaxe do volume de produción de	4.4 Protección da biodiversidade
GRI 201: Desempeño económico 2016		
	201-1 Valor económico directo xerado e distribuído (a.i, a.ii inversións na comunidade)	2.2 Fitos de 2023 3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial 3.2 A comunidade
	201-4 Asistencia financeira recibida do goberno	2.2 Fitos de 2023 (referido a subvencións de explotación recibidas no período)
GRI 203: Impactos económicos indirectos 2016		
	203-2 Impactos económicos indirectos significativos (a)	2.4 Obxectivos e estratexia 2.3 Contexto actual e principais tendencias 3. Persoas
GRI 205: Anticorrupción 2016		
	205-1 Operacións avaliadas en función dos riscos relacionados coa corrupción	2.1 Información xeral 5 Bo goberno
	205-3 Incidentes de corrupción confirmados e medidas tomadas	2.1 Información xeral 5 Bo goberno
GRI 207: Fiscalidade 2019		
	207-4 Presentación de informes país por país (a, b.i, b.ii, b.iii, b.iv, b.ix, c)	1 Acerca deste informe 2.1 Información xeral 2.2 Fitos de 2023 3.1 O equipo
GRI 301: Materiais 2016		
	301-1 Materiais utilizados por peso ou volumen	4.1.1 Materias primas
GRI 302: Enerxía 2016		
	302-1 Consumo de enerxía dentro da organización (a,b)	4.3.1 Enerxía

Estándar GRI	Contidos	Ubicación no Informe
GRI 303: Auga e efluentes 2018		
	303-1 Interacción ca auga como recurso compartido (a)	4.2 Auga
	303-5 Consumo de auga (a, d)	4.2 Auga
GRI 304: Biodiversidade 2016		
	304-1 Sitios operacionais xestionados situados dentro de ou xunto as áreas protexidas ou zonas de gran valor (a.i)	4.4 Biodiversidade
GRI 305: Emisións 2016		
	305-1 Emisións directas de GEI	4.3.2 Emisións
	305-2 Emisións indirectas de GEI asociadas á enerxía	4.3.2 Emisións
	305-4 Intensidad de las emisiones de GEI	4.3.2 Emisións
	305-7 Óxidos de nitróxeno (NOx), óxidos de xofre (SOx) e outras emisións significativas ao aire (a.i, b, c)	4.3.2 Emisións
GRI 306: Residuos 2020		
	306-1 Xeración de residuos e impactos significativos relacionados cos residuos	4.1.2 Residuos
	306-2 Xestión de impactos significativos relacionados cos residuos (b)	4.1.2 Residuos
	306-3 Residuos xerados	4.1.2 Residuos
	306-4 Residuos non destinados á eliminación	4.1.2 Residuos
	306-5 Residuos destinados a eliminación	4.1.2 Residuos
GRI 308: Evaluación ambiental de provedores 2016		
	308-2 Impactos ambientais negativos na cadea de subministración e medidas tomadas	2.1 Información xeral 3.3 Os provedores
GRI 401: Emprego 2016		
	401-1 Contratacións de novos empregados e rotación do persoal (b)	3.1 O equipo
	401-3 Permiso parental	3.1.1 Emprego e organización do tempo de traballo
GRI 402: Relacións traballador-empresa 2016		
	402-1-Prazos de preaviso mínimos	3.1 O equipo
GRI 403: Saúde e seguridade no traballo 2018		
	403-1- Sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo (b)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-2 Identificación de perigos, avaliación de riscos e investigación de incidentes (a)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-3 Servizos de saúde no traballo	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-4 Participación dos traballadores, consultas e comunicacións sobre saúde e seguridade no traballo (b)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-5 Formación de traballadores sobre saúde e seguridade no traballo	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-6 Promoción da saúde dos traballadores (a)	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-7 Prevención e mitigación dos impactos para a saúde e seguridade no traballo	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-8 Cobertura do sistema de xestión da saúde e seguridade no traballo	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-9 Lesións por accidente laboral	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
	403-10 Doenzas e enfermidades laborais	3.1.3 Saúde e seguridade laboral
GRI 404: Formación e educación 2016		
	404-1 Media de horas de formación	3.1.5 Formación e desenvolvemento profesional
	404-2 Programas de desenvolvemento de competencias (a)	3.1.5 Formación e desenvolvemento profesional
GRI 405: Diversidad e igualdade de oportunidades 2016		
	405-1 Diversidade nos órganos de goberno	3.1 O equipo 3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial 5.1 Órganos de goberno
	405-2 Ratio entre el salario de mulleres y de homes (a)	3.1.2 Igualdade, remuneracións e fenda salarial
GRI 406: No discriminación 2016		
	406-1 Cantidade total de casos de discriminación durante o período obxecto do informe (a)	3.1.6 Inclusión e accesibilidade

Estándar GRI	Contidos	Ubicación no Informe
GRI 407: Liberdade de asociación e negociación colectiva 2016		
	407-1 Operacións e provedores nos que o dereito á liberdade de asociación e a negociación colectiva poderían estar en risco	3.3 Os provedores 3.1.4 Relacións e diálogo sociais
GRI 408: Traballo infantil 2016		
	408-1 Operacións e provedores con risco significativo de casos de traballo infantil (a)	3.3 Os provedores
GRI 409: Traballo forzoso ou obrigatorio 2016		
	409-1 Operacións e provedores con risco significativo de casos de traballo forzoso ou obrigatorio (a)	3.3 Os provedores
GRI 413: Comunidades locais 2016		
	413-1 Operacións con programas de participación da comunidade local, avaliacións do impacto e desenvolvemento (a.iv, a.v, a.vii, a.viii)	2.1 Información xeral 2.5 Grupos de interese 3.2 A comunidade 5.1 Órganos de goberno
GRI 414: Evaluación social dos provedores 2016		
	414-2 Impactos sociais negativos na cadea de subministración e medidas tomadas	2.1 Información xeral 3.3 Os provedores
GRI 415: Política pública 2016		
	415-1 Contribución a partidos e/ou representantes políticos	3.2 A comunidade
GRI 416: Saúde e seguridade dos clientes 2016		
	416-1 Evaluación dos impactos das categorías de produtos e servizos na saúde e a seguridade	2.1 Información xeral 3.4 Os clientes e as persoas consumidoras
	416-2 Casos de incumprimento relativos aos impactos das categorías de produtos e servizos na saúde e a seguridade	3.4 Os clientes e as persoas consumidoras
GRI 417: Marketing e etiquetado 2016		
	417-2 Casos de incumprimento relacionados coa información e o etiquetado de produtos e servizos	3.4 Os clientes e as persoas consumidoras 5.2 Cumprimento normativo. Conflitos de interese e loita contra a corrupción
GRI 418: Privacidade do cliente 2016		
	418-1 Reclamacións fundamentadas relativas a violacións da privacidade do cliente e perda de datos do cliente	3.4 Os clientes e as persoas consumidoras